Recentemente, este centro de saúde de Chantada quedou sen servizo de Pediatría, dado que a médica de familia que se ocupaba desta área – substituíndo á profesional que ten esta praza en propiedade e que se atopa de baixa – foi trasladada a outro destino.

Resultado desta situación, en principio, tanto as urxencias pediátricas coma as consultas terán que ser atendidas polo resto de persoal médico do centro de saúde de Chantada e polo Hospital de Monforte.

Con motivo da mobilización social, o SERGAS respondeu co anuncio da cobertura do servizo de pediatría en Chantada por dous días á semana, durante os



meses de xullo, agosto e setembro de 2017. Estes días serán cubertos por unha das persoas profesionais de pediatría do Hospital de Monforte.

Esta solución, que supón un parche na comarca de Chantada a costa de reducir servizos na comarca de Lemos – xa deficitaria en atención pediátrica – é rexeitada pola cidadanía, que reclama unha solución global á falta de profesionais de pediatría no sur da provincia de Lugo.

Esta situación que se produce na comarca de Chantada non é nova, xa que non se cobren as vacacións da pediatra titular, deixando o centro sen servizo e adiando as revisións. A resposta dada polo SERGAS ás queixas por esta circunstancia o pasado inverno fora que “dada a falta de substitutos da especialidade de pediatría” e “ao non dispoñer de médicos de familia da lista de contratación”, adoptouse a “solución” de que “a patoloxía aguda dos nenos da comarca sexa asumida polos médicos de familia de cupo”, tendo como “referencia para calquera dúbida” a Pediatría do Hospital de Monforte. Para os programas de seguimento de nenos e nenas sans, indicouse que se programarían cando se reincorporara a pediatra ao centro de saúde de Chantada.

A solución de recorrer a profesionais do Hospital de Monforte supón agravar os problemas de saturación laboral do persoal de pediatría, do cal cobren as baixas.

Unha queixa ante a Valeduría do Pobo motivou un expediente desta institución no que se sinalaba que, segundo a Consellería de Sanidade, “é previsible que, como consecuencia do próximo remate da formación dos novos médicos residentes na especialidade de pediatría e a resolución do concurso de traslados” e poda ter unha “relación de titulados en pediatría que permita dar cobertura máis inmediata a esta situación”.



Ademais, ao centro de saúde de Chantada a matrona só consulta un día á semana.

Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva ratio de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa. Isto sucede, fundamentalmente, na provincia de Lugo, na área da Montaña lucense, no sur de Lugo e na Mariña. A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1 - Garantir a estabilidade da praza de pediatría no centro de saúde de Chantada, con consulta 5 días á semana.
- 2 - Deseñar un plan para garantir a medio e longo prazo a estabilidade das prazas de pediatría na Atención Primaria e Especializada da área sanitaria de Monforte, así como a cobertura das baixas das profesionais.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira



Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/07/2017 14:17:55

Eva Solla Fernández na data 12/07/2017 14:18:02

Luis Villares Naveira na data 12/07/2017 14:18:15

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) arrincou no ano 2000, impulsado pola Comisión de Toponimia, dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que era a competente na materia, aínda que tamén estaban implicados outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, que xestionaba o SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), que constitúe o soporte técnico para a execución do PTG.

Os obxectivos do proxecto eran:

- Recoller toda a toponimia galega, tanto a referida a entidades de poboación como a outras realidades xeográficas (nomes de terras, fontes, regueiros, cruceiros, cons, areas...)
- Fixar unha forma escrita
- Situala cartograficamente

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina patrimonio inmaterial dos pobos. O carácter permanente dos topónimos faíños monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

En Galicia, a Toponimia supón un importante e riquísimo patrimonio cultural, pois temos un terzo dos nomes de lugar de toda España; pero esta riqueza encóntrase hoxe gravemente ameazada, debido á transformación demográfica e á progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais.

Grupo Parlamentario

No dito proxecto viñan colaborando os concellos, que, a través de convenios, facilitaban persoal e apoio material no seu respectivo ámbito territorial, asociacións veciñais e culturais, comunidades de montes e outras entidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para elaborar un programa de desenvolvemento do proxecto Toponimia de Galicia nesta lexislatura, empezando por aqueles concellos máis ameazados pola perda destes topónimos.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/07/2017 19:14:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/07/2017 19:14:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/07/2017 19:16:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2017 19:16:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/07/2017 19:16:39

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A xestión da lonxa de Ribeira nas última décadas recaeu no concello desta vila converténdose na súa entidade xestora.

A contratación de produtos pesqueiros no porto de Ribeira estívoase a realizar ao abeiro da lexislación pesqueira de aplicación, tal como o Decreto 419/1993 do 17 de decembro que refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006 do 8 de xuño, a Orde de 8 de febreiro de 2008 que derroga a Orde de 5 de novembro de 2004 pola que se refunde o control da descarga e transporte de produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda.

Tal e como establece a normativa de aplicación, as entidades xestoras de lonxas deberán confeccionar un regulamento de réxime interior que se aprobará pola Consellería do Mar.

Este regulamento foi publicado no BOP n.º 252 do 31 de outubro de 2008, no que se desenvolve a operativa e as funcións levadas a cabo pola entidade xestora e que ten por obxectivos:

1. Promover a práctica daqueles servizos que permitan asegurar dentro das liñas de máxima eficacia, seguridade e comodidade para todos os interesados as operacións de contratación (compravenda) de produtos pesqueiros.
2. Dotar a contratación dos produtos pesqueiros dos adecuados sistemas prácticos que conduzan ao adecuado coñecemento e situación dos mercados, en especial das existencias, calidade e presos.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Dotar o mercado dos diversos produtos da máxima transparencia e calidade en prezos e cotizacións.
4. Contribuír ao melloramento físico e institucional das operacións comerciais que recaian sobre os produtos pesqueiros da zona.
5. Fomentar as medidas que permitan a mellor contratación e tipificación dos produtos cando se aproben as medidas de intervención na área de influencia comercial da lonxa, facilitando as informacións necesarias e procurando a defensa dos intereses dos produtos pesqueiros.
6. Ofrecer e recadar mediante un sistema de colaboración mutua os máximos entendementos na orde comercial e os aspectos derivados con toda clase de organismos.
7. E ademais calquera outra actividade que, aínda non previstas nos apartados anteriores, resulten apropiadas para a consecución dos fins e obxectivos asinados á lonxa e as súas relación con toda crase de organismos.

O aspecto económico mantido ata a data, concrétese en:

1. Comisión cobrada polas casas vendedoras: as vendedurías viñan descontando pola súa función de subhasta, facturación e cobro a compradores un 3 % do volume bruto da venda a os armadores. Repercutían, así mesmo, a tarifa X-4, é dicir un 1,75 % sobre o importe bruto ao comprador, ingresando tal cifra a Portos de Galicia.
2. Taxa da lonxa: a administración de lonxa repercutía, en concepto de taxa, aquel importe necesario para cubrir os gastos nos que incorría e que nos últimos anos, estaba situado no 0,96 % sobre o volume de facturación. Este importe é retido pola casa vendedora ao armador e ingresado ao Concello.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Coa aparición da nova lonxa e os novos xestores que sobre a base dunha autorización temporal por tres anos ou ata que saia a concurso a súa concesión definitiva, todo este réxime de funcionamento cambia radicalmente. Rómpeuse totalmente coa operativa antes descrita pretendendo a nova xestora cometer funcións de subhasta e facturación todo iso nun entorno de confusión e escurantismo, posto que a día de hoxe non se dispón nin de regulamento de explotación nin de réxime de tarifas, documentos ambos que deben ser presentados e aprobados por Portos de Galicia antes de inicio da actividade.

Así pois, vendedores, armadores e compradores ante o planteamento manifestado polos novos xestores de profundo cambio na xestión a negativa constante de acceder a algún dos cambios propostos na nova operativa que acerquen posturas.

Por parte dos armadores demándase que as vendedurías que ata agora viñan realizando a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda.

Por parte dos vendedores, poder realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, deste xeito optimizaríase a cotización obtida na subhasta.

E por parte dos compradores, esixen a aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval claro na súa redacción e contido e que non se lle imponha un réxime de domiciliación bancaria non asumible.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte as medidas necesarias que permitan solucionar o conflito da lonxa de Ribeira e xeren o equilibrio necesario entre os distintos axentes, tendo en conta:

Grupo Parlamentario

1º) Que as vendedurías que ata o de agora se estaban a realizar mediante a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a súa cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) Que hai que establecer medidas para que os vendedores, poidan realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, xa que deste xeito se optimizaría a cotización obtida na subhasta.

3º) A aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval clara/o na súa redacción e contido, e que non se lle imponha un réxime de domiciliación bancaria non asumible.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/07/2017 10:31:28

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:31:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 10:31:56

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O coñecido como “Príncipe Felipe”, en Pontevedra, é un centro aberto de acollida de menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión. Ocupa unha superficie de 118.000 metros cadrados, nel traballan 229 persoas e ten a 210 menores en acollida, dos que unha terceira parte foron derivados pola Xunta de Galicia.

Este centro dispón dunha Unidade de Primeira Acollida que a Xunta de Galicia está a utilizar como instrumento para derivarlle ao “Príncipe Felipe” menores tutelados con multitude de problemas de condutas (tamén maiores de 14 anos), desentendéndose deles a partires dese momento, o que xera multitude de problemas para os e as menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión que son responsabilidade da Deputación Provincial de Pontevedra.

O curioso é que esta situación non é nova porque hai anos que dende a Deputación Provincial de Pontevedra se lle reclama á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias en protección de menores, pero o Goberno de Feijóo non está polo labor e ten prorrogado un convenio que remata no mes de decembro. E iso que a Deputación de Pontevedra ten ofrecido ao Goberno a cesión dun edificio dentro do recinto para que alí sexa a Xunta quen asuma as súas competencias, é dicir, para a creación dunha unidade específica destinada ao tratamento de problemas de condutas, mais a resposta por parte do Goberno é o silencio.

A Xunta de Galicia é a administración competente en protección de menores, resultando anacrónico que teña que ser a Deputación de Pontevedra quen estea a prestar este servizo do que a Xunta de Galicia se

Grupo Parlamentario

ten desentendido dende hai anos. Así as cousas, en reiteradas ocasións, tanto co goberno provincial actual como co anterior, a Deputación de Pontevedra ten trasladado a existencia dunha situación insostible, mais o Goberno galego nada ten feito. O que é unha absoluta irresponsabilidade, pois cando se está a falar de menores de idade e de menores de idade con dificultades familiares ou en risco de exclusión, ninguén pode mirar cara a outro lado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Exerza as súas competencias con relación a todos os menores de idade con dificultades familiares ou en risco de exclusión que se atopan no centro de acollida “Príncipe Felipe”, en Pontevedra.
2. A tal efecto, e mediante a negociación con todas as Administracións implicadas, acade solucións non traumáticas para os menores mencionados, creando unha unidade específica propia no centro e destinada ao tratamento de problemas de condutas.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 10:54:10

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 10:54:16

Noela Blanco Rodríguez na data 13/07/2017 10:54:20

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:54:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 10:54:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O día 16 de decembro do ano 2013, a comisión de Peticións do Parlamento Europeo aprobaba un informe sobre o estado das rías galegas. Unha delegación de eurodiputados viñera a Galicia a comezos de ano e unha das rías visitadas fora a de O Burgo, na que os europarlamentarios quedaron impactados polos lodos que, medidos alí mesmo, chegaban a máis de 2 metros de profundidade, tanto que case “tragan” a un mergullador que baixou as escaleiras dun dos peiraos.

Dous anos despois daquela visita da Delegación Europea, o 11 de decembro de 2015, sometíase a exposición pública o Proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo” elaborado polo Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente. Varias entidades (agrupadas na Mesa da ría do Burgo) presentaban entón alegacións reclamando que o proxecto de dragado fose acompañado dunha dotación orzamentaria e un calendario de actuacións precisos e suficientes para a súa execución. O proceso para definir a dragaxe tería que ter rematado o 21 de xullo de 2016 coa publicación do proxecto definitivo, pero o Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente non ten aínda o visto bo para a Declaración de Impacto Ambiental e pediulle máis información a Augas de Galicia e á Subdirección Xeral de Residuos.

A ría necesita unha limpeza urxente e extensiva. Nos anos oitenta daba traballo a 2000 mariscadoras mentres que hoxe a súa capacidade produtiva apenas chega ao 20 % e emprega a bastantes menos de 100 en actividades extractivas, o que é lóxico porque moitas destas persoas tiveron que deixar de traballar porque os ingresos nin sequera lles chegan para pagar as cotas da Seguridade Social, problema, por certo, común entre o sector

Grupo Parlamentario

marisqueiro. A dragaxe é imprescindible porque os lodos afogan o marisco, a anguía extinguiuse e o berberecho e a ameixa están a desaparecer.

Onte mesmo a ría abríase ao marisqueo con resultados decepcionantes, segundo representantes do sector, pois os lodos seguen a afogar ao marisco. O futuro pinta moi negro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande ao Goberno do Estado que o Proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo”, elaborado polo Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente, remate antes do fin de 2017.
2. Que presuposte a cantidade de 2 millóns de euros para a dragaxe da ría de O Burgo.
3. Que inicie os traballos de saneamento e rexeneración, adoptando medidas inmediatas para sanear a ría e garantir a calidade das súas augas.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 10:59:28

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/07/2017 10:59:39

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:59:45

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 10:59:50

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 10:59:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 11:00:01

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Concello de Poio, en Pontevedra, está a traballar na mellor figura de protección para a Illa de Tambo.

O día 7 de febreiro deste ano 2017, o Goberno do Estado respondía no Congreso dos Deputados o seguinte: *“En el año 2002, como consecuencia de un informe técnico elaborado por la Empresa de Transformación Agraria SA-TRAGSA, se produjo una tala selectiva en la isla para facilitar la conservación de su masa forestal y reducir el riesgo de incendios forestales. Los trabajos realizados por esta empresa especializada se dividieron en dos fases, una primera orientada a la poda controlada de pino, eucalipto y arbustos para, con el beneficio económico obtenido de la madera, acometer una segunda fase de rebrote de las cepas de eucalipto y una inversión para el acondicionamiento del cuartel de marinería de la escuela y, de este modo, mejorar el bienestar y calidad de vida de su dotación. El Ministerio de Defensa ha permitido el acceso de visitas a este enclave, con las reservas propias de su condición como zona militar, buscando el equilibrio entre el uso y disfrute por parte de la ciudadanía y, tal y como obliga la legislación vigente, las medidas para garantizar su seguridad y la protección de sus edificaciones y medioambiente para evitar la repetición de los actos vandálicos producidos en el pasado. El estado actual de conservación de la isla es satisfactorio, señalando las acciones de protección, mantenimiento y reconstrucción realizadas y que ponen de manifiesto el interés del Ministerio de Defensa en conservar en óptimas condiciones este entorno natural”*.

A Universidade de Vigo fixera hai uns anos un estudo sobre o que se atopa dentro da illa: unha capela do século XVIII, as ruínas dun lazareto do século XIX, restos de petróglifos, un faro dos anos 30, unha comboa e, entre outras cousas, 3 praias maravillosas. Pero o que non dicía o estudo é que tamén hai unha invasión de eucaliptos, mimosas, avespa velutina e ata visóns americanos.

Grupo Parlamentario

O Concello de Poio ten posto en marcha unha Comisión de Seguimento para que a Illa de Tambo deixe de pertencer ao Ministerio de Defensa, pase a ser de uso público e se chegue, de maneira consensuada, á figura máis axeitada para a protección e xestión da illa, chegando incluso á súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Nesa comisión participan o Goberno e os grupos municipais, veciños e veciñas de Poio e a Deputación de Pontevedra; estaba invitado o Goberno galego, pero aínda están a agardar a que se poña ao teléfono...

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que acuda e participe nas reunións da Comisión de Seguimento posta en marcha polo Concello de Poio para atopar a figura máis axeitada para a xestión e protección da Illa de Tambo, tal como un plan estratéxico de xestión semellante ao de outras illas atlánticas.
2. Que demande ao Goberno do Estado que calquera tipo de beneficio económico obtido dos elementos que se atopan na illa sexa empregado na súa conservación.
3. Que demande ao Goberno do Estado que adopte as necesarias medidas de protección, mantemento e reconstrución da capela do século XVIII, das ruínas dun lazareto do século XIX, dos restos de petróglifos, do faro dos anos 30 e da comboa existentes.
4. Que valore a opción de solicitar a inclusión da Illa de Tambo no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 11:18:20

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 11:18:25

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 11:18:31

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 11:18:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 11:18:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A principios de xullo de 2017 amplas zonas da comarca da Limia, nomeadamente nos concellos de Xunqueira de Ambía e de Vilar de Barrio sufriron de novo o impacto das inclemencias meteorolóxicas, cando as secuelas das desastrosas xeadas de abril aínda están frescas na memoria dos veciños e as súas consecuencias incertamente substanciadas.

Os nosos labregos veñen sufrindo a cotío un amplo abano de catástrofes naturais que non acaban de permitirlles unha recuperación adecuada e mesmo sobre a derradeira inclemencia da xeadas de abril aínda non hai feita unha avaliación exhaustiva sobre os seus efectos económicos e as solucións para paliar tan dramático impacto, non só necesitan clarificación, senón que aínda son motivo de debate e rifa entre os distintos sectores que converxen na posible solución sobre as perdas, nomeadamente no sector vitivinícola de catro denominacións de orixe.

No caso da sarabia do mes de xullo na comarca da Limia o cultivo da castigada pataca é o que levou a peor parte, o cultivo do cereal e outros de menor implantación tamén resultaron afectados.

As primeiras estimacións falan de preto de 1000 ha, afectadas por esta inclemencia meteorolóxica que supón unha perda estimada de 12 millóns de quilos, pero certamente só se trata de primeiras estimacións que precisan dunha comprobación oficial ao igual que a avaliación das perdas económicas que algunhas fontes sitúan por enriba de un millón de euros.

Grupo Parlamentario

Ante a situación crítica creada polas distintas, diversas e continuas inclemencias meteorolóxicas que están impactando no sector primario ourensán, que é o soporte económico fundamental para amplas capas da poboación da comarca da Limia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Facer unha avaliación da zona afectada e da produción danada.
- 2º) Destinar os recursos económicos necesarios para axudar a paliar as perdas continuas dos labregos da comarca da Limia.
- 3º) Habilitar liñas de créditos brandos para os afectados.
- 4º) Dirixirse ao Goberno central para solicitarlle a rebaixa nas cotizacións da Seguridade Social e a aplicación de flexibilidade fiscal para os afectados.
- 5º) Reunirse coas compañías de seguros para propiciar melloras nos sistemas de cobertura agraria.

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 12:03:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/07/2017 12:03:17

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 12:04:04



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 12:04:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentar de **En Marea** a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Manuel Lago Peñas** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos días producíronse falecementos de persoas no seu posto de traballo, un traballador na Ponte de Rande, e un electricista. Os dous desenvolvían as súas funcións laborais, cando sufriron un accidente co resultado de morte. Onte, día 11 de xullo de 2017, houbo dous feridos nunha obra e nun concesionario en Vigo. No que vai de ano rexistráronse feridos: en Manzaneda, Vigo e Sogama con resultado de morte dunha traballadora subcontratada en Cerceda; en Vigo e en Ribadavia despois de sufrir sendas caídas pola colocación dun canalón e por ceder unha uralita; caída dun operario desde un andamio; morte dun albanel por aplastamento cunha pedra; un operario galego faleceu nas obras do metro de Granada; un operario nun accidente nunha granxa en Maceda, con resultado de morte; un traballador en Alcoa, tamén falecido; un mecánico ferido en Mos despois de caerlle enriba o coche que reparaba; 3 feridos nunha deflagración en Ferroatlántica, en Cee e nos barcos de pesca, que é onde maior número de sinistralidade laboral se produce.

Galicia é a primeira comunidade na se dá a maior taxa de sinistralidade laboral mortal, duplicando a media española. No ano 2016 producíronse preto de 25.000 accidentes laborais con baixa e deles 57 mortais. No que vai de ano faleceron 8 persoas ate o mes de abril.



A normativa aplicable neste sector é a seguinte:

Lei 31/1995, do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Lei 54/2003, de 12 do decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

Real Decreto 39/1997, de 17 do xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

O artigo 42 da LPRL establece que o incumprimento polos empresarios das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais darán lugar a responsabilidades administrativas, así coma a responsabilidades penais e civís polos danos e prexuízos que podan derivarse do seu incumprimento.

A xunta de Galicia ten que velar a fin de que se cumpra a normativa laboral e a fin de evitar, ou cando menos rebaixar, o número de falecementos no posto de traballo, ata que o seu número sexa 0.

Entre mentres, son esenciais as políticas de prevención de riscos, de fomento das actividades de formación, encamiñadas ao coñecemento e divulgación entre os propios traballadores, e o cumprimento polas empresas, todos os sectores e tamén polas administracións.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Investir máis recursos persoais e materiais na prevención de riscos laborais, dentro das directrices previstas no Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais de Galicia, así como no seguimento e adecuación en todos os sectores, a



fin de reducir a mortalidade laboral a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

2.- Destinar maiores recursos na execución do control e vixilancia do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

3.- Establecer a denegación da posibilidade de acceder a licitacións e contratos co sector público en caso de incumprimento grave e reiterado da normativa de prevención de riscos laborais contemplada no artigo 54 LPRL.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Manuel Lago Peñas

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/07/2017 17:45:08

José Manuel Lago Peñas na data 13/07/2017 17:45:19

Paula Vázquez Verao na data 13/07/2017 17:45:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 11:01
Nº Rexistro: 11842
Data envío: 07/07/2017 11:01:59.096

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.****

A calidade da auga na ría de Betanzos vén empeorando nos últimos anos sen que a Xunta ou o Estado tomén ningunha medida para poñerlle solución. Malia que a ría de Betanzos é rede natura 2000, os vertidos seguen a producirse continuamente sen ningunha consecuencia. As analíticas realizadas no mes de xuño mostran un continuo deterioro na calidade da auga das praias da ría. Estas analíticas mostran que temos dúas praias nas que non se recomenda o baño pola mala calidade da auga debido á contaminación por fecais: As Delicias en Sada e Gandarío en Bergondo, e outras como o Regueiro (Bergondo) nas que xa non se toman mostras despois de 4 anos de resultados por debaixo do recomendado para o baño.

Constátase tamén un empeoramento noutras praias que en pasados anos obtiveron a cualificación de excelente ou boa, como a do Pedrido (en Bergondo) que só logrou un suficiente nas analíticas de xuño. Praia Grande de Miño, que durante anos tivo unha calidade da auga excelente, viu descender o seu nivel ao de bo nun das súas marxes, o dereito. Só catro das praias conservan a cualificación de excelente no mapa de praias de Galiza fronte as 10 que gozaban desta condición no ano 2012.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 11:01
Nº Rexistro: 11842
Data envío: 07/07/2017 11:01:59.096

Segundo a Axencia Europea do Medio Ambiente, dos 21 puntos negros onde a calidade da auga é insuficiente das 652 probas que se realizaron en Galiza, dous están na ría de Betanzos segundo o informe publicado no mes de maio pola comisión europea (aínda que as mostras foron tomadas no mes de xaneiro). Trátase de novo das praias das Delicias en Sada e Gandarío en Bergondo nos que a UE recomenda que se prohiba o baño ou se desaconselle o seu uso.

Na ría de Betanzos existe actividade extractiva de marisqueo e unha confraría en Miño. A confraría de Miño conta con 13 mariscadoras na actualidade e están xestionando 4 PERMAX máis. En Sada, aínda que este ano non hai mariscadoras, si que hai un polígono de marisqueo de a pé na desembocadura do río Maior (CF-080) e trátase dunha actividade tradicional na praia de Sada.

As zonas de marisqueo que explota a confraría de Miño están clasificadas como zona C estábel desde as últimas análíticas da ponte da autoestrada para arriba (os polígonos CF-085, CF-086-1, CF-087 e CF-088), como B provisional entre as a ponte do Pedrido e a da autoestrada (CF-088 e CF-089), e C provisional para abaixo da Ponte do Pedrido (CF-089; en Miño trátase dunha zona B estábel. Nas zonas C o marisco extraído ten que enviarse a bateas de depuración na ría de Ferrol antes de poder vendelo coa repercusión económica que isto supón e nalgúns casos como o berberecho van directamente a conserveira que só acepta a partir dunha cantidade de volume que é difícil acadar para estas confrarías mais tamén é complicado ampliar os PERMAX debido á inseguridade sobre a calidade da auga.

Aos continuos vertidos industriais que se veñen producindo desde Montellos en Betanzos a través do río Callou ou do polígono de Bergondo a través do río Maior hai que sumar o deficiente saneamento mesmo con concellos como o de Paderne que carecen de depuración (só contan con decantadoras) e os verquidos das redes de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 11:01
Nº Rexistro: 11842
Data envío: 07/07/2017 11:01:59.096

saneamento ao mar. A propia Xunta de Galiza reconece que ten puntos de verquido localizados nesta ría en diferentes concellos como Miño, Betanzos ou Bergondo. Tamén o incorrecto funcionamento das depuradoras existentes e a inexistencia de separación de fluviais e fecais e carencia de tanques de tormentas provoca problemas nas redes de saneamento nas épocas de choiva.

A información que se traslada á veciñanza sobre a situación do saneamento e os resultados das analíticas realizadas é bastante deficiente. En ningunha das páxinas web dos concellos da ría se pode atopar información sobre a situación da rede de saneamento ou os verquidos detectados. As analíticas mensuais que realiza a Xunta sobre a calidade das augas tampouco se fan públicas nas webs dos concellos nin están visíbeis en moitas das praias durante o verán, e limítanse a por un cartaz onde se indica a insuficiente calidade da auga sen maior información sobre as causas ou as consecuencias do baño.

O BNG leva pedindo nas súas alegacións aos orzamentos da Xunta dos últimos anos que se reserve unha partida para o saneamento integral e a rexeneración ecolóxica da ría de Betanzos sen éxito. Nos orzamentos aprobados para este ano 2017 non se inclúe ningunha partida para este fin a pesar de que a Directiva 91/271/CE de 21 de maio indica que dende o ano 2005 todas as aglomeracións urbanas de máis de 2000 habitantes deberán contar con sistemas de depuración.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 11:01
Nº Rexistro: 11842
Data envío: 07/07/2017 11:01:59.096

- Elaborar un informe sobre a calidade da auga da ría de Betanzos, a situación do saneamento e os puntos de vertidos así como de un cronograma das actuacións previstas pola Consellería de Medio Ambiente para solucionar estas deficiencias.

- Construír unha depuradora nos concellos que actualmente carecen de depuración como é o caso de Paderne.

- Crear a Mesa da ría de Betanzos na que estean representados colectivos medio ambientais, confrarías, representantes dos concellos e dos diferentes grupos políticos que integran as corporacións, así como técnicos de medio ambiente. Nesta Mesa faríase un seguimento da calidade da auga da ría, dos vertidos que se producen e as súas consecuencias, e do cronograma acordado pola Xunta para subsanar as deficiencias.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 11:01
Nº Rexistro: 11842
Data envío: 07/07/2017 11:01:59.096

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/07/2017 10:59:12

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2017 10:59:17

Olalla Rodil Fernández na data 07/07/2017 10:59:21

María Montserrat Prado Cores na data 07/07/2017 10:59:24

Xosé Luis Bará Torres na data 07/07/2017 10:59:25

Ana Pontón Mondelo na data 07/07/2017 10:59:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás motivacións do goberno galego de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova.

O Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que a Xunta de Galiza tomara e executara a decisión de retirar o dispositivo dun helicóptero de incendios da base de Vilanova no Barco de Valdeorras (distrito XIII) inutilizando unha base operativa desde o ano 1992 e na que se investiu diñeiro público ao longo destas décadas e que fica agora pechada para o seu uso.

Cómpre ter en conta que, tal e como ten indicado esta organización, a provincia de Ourense e as súas comarcas orientais contan con especificidades climáticas e tamén contextuais (alto índice de abandono do rural, despoboamento, dificultades de conexión, etc) que agravan a súa sobreexposición á incidencia de lumes. Así mesmo, cómpre ter en conta que as comarcas próximas á base de Vilanova teñen dúas condicións que deben condicionar a política de prevención e extinción de incendios. Dunha banda, a grande complexidade xeográfica, con altas serras, diferenzas de altitude, dificultades de acceso, vales difíciles de sortear, etc, en suma unha orografía complexa para intervir. Por outra parte, conteñen no seu territorio espazos naturais teoricamente protexidos (parque natural, rede natura, zonas ZEPA, etc) que dan conta da riqueza biolóxica natural e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

animal da contorna e fan máis necesaria a súa protección pois os datos poden ser e son irreparábeis en moitas ocasións, como lamentabelmente xa se ten experimentado.

Así mesmo, cómpre recordar que a provincia de Ourense no 2016 concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total e que concentrou a metade dos grandes incendios forestais superiores a 500 hectáreas. O oriente ourensá é unha das zonas máis castigadas nos últimos anos e a resposta da Xunta é precarizar máis aos traballadores, adiar a concreción do Pladiga case a xullo, non adiantar o funcionamento pleno do dispositivo malia a desestacionalización dos lumes e a alta incidencia no inverno 2016-2017, etc. A todo isto, vén de sumarse unha alteración dos medios materiais de por si insuficiente, como é o caso da dispoñibilidade dun helicóptero na base do Barco de Valdeorras.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que non é razoábel e que ademais a Xunta de Galiza ten que esclarecer os motivos e a situación da base así como as decisións e medidas que anteriormente tomara ou non tomara o organismo para garantir as condicións de funcionamento e operatividade así como de seguridade para os traballadores e traballadoras e para a salvagarda do material.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Rectificar a súa decisión de retirar o helicóptero de incendios do Barco de Valdeorras da base de Vilanova e a levar a cabo todas as xestións posíbeis para que sexa posíbel o seu mantemento en condicións axeitadas de funcionamento.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

2. Elaborar un informe sobre as condicións e actuacións levadas a cabo na base de Vilanova para garantir a súa operatividade e as razóns para decidir a retirada deste medio aéreo. O informe será enviado e presentado tanto aos traballadores e traballadoras dos dispositivos de prevención e extinción de incendio como á comisión correspondente do Parlamento Galego.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2017 12:39:25

Olalla Rodil Fernández na data 07/07/2017 12:39:29



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:41
Nº Rexistro: 11880
Data envío: 07/07/2017 12:41:35.626

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/07/2017 12:39:36

María Montserrat Prado Cores na data 07/07/2017 12:39:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/07/2017 12:39:41

Ana Pontón Mondelo na data 07/07/2017 12:39:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:55
Nº Rexistro: 11882
Data envío: 07/07/2017 12:55:15.355

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5ª**, relativa á discriminación e persecución sindical por parte da empresa DINAK, a afiliados á CIG.

A empresa Dinak situada en Teis, Vigo, adícase á fabricación de Chemineas de Aluminio, principalmente para Empresas, e con importante mercado no Exterior, fundamentalmente en Europa.

Toén aproximadamente 200 traballadores e traballadoras, con división clara entre taller de fabricación e departamento técnico-administrativo. No 2015 levou a cabo unha modificación das condicións de traballo, aplicando flexibilidade na xornada laboral para traballar os Sábados e reducir os salarios en máis de 200€ mensuais.

Diante da oposición dos traballadores de taller ao deterioro das condicións de traballo e rebaixa salarial, Dinak decidiu eliminar a resistencia que tiña no Taller e procedeu a despedir selectiva e programadamente a traballadores, todos afiliados á CIG. Resulta evidente que o obxectivo é eliminar ao sindicato nacionalista por medio de ir despedindo aos seus afiliados.

Deste xeito en decembro do 2015 despiden a seis traballadores, dos cales 4 formaron parte da candidatura da CIG nas eleccións, en Maio do 2016 despiden a dous traballadores afiliados á CIG, neste pasado mes de xuño volveu despedir a outros dous traballadores afiliados da CIG. En todos os casos a empresa admite a improcedencia mais procede a indemnizalos e manter o despido. Estes despedimentos veñen precedidos por outros 4



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:55
Nº Rexistro: 11882
Data envío: 07/07/2017 12:55:15.355

realizados no ano 2013, cando afiliados á central nacionalista recollían sinaturas contra o acordo de modificación do Convenio Colectivo.

Estamos diante de evidencias claras de discriminación e persecución sindical, que nun estado democrático non se poden consentir nin tolerar, e menos dunha empresa que concorre a solicitude de créditos e axudas públicas.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar todas as accións precisas diante da empresa Dinak, beneficiaria de axudas públicas, para que remate coa discriminación e persecución sindical dos traballadores da súa empresa afiliados á Confederación Intersindical Galega, CIG.”

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 12:55
Nº Rexistro: 11882
Data envío: 07/07/2017 12:55:15.355

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/07/2017 12:46:04

Noa Presas Bergantiños na data 07/07/2017 12:46:12

Olalla Rodil Fernández na data 07/07/2017 12:46:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/07/2017 12:46:20

Xosé Luis Bará Torres na data 07/07/2017 12:46:23

Ana Pontón Mondelo na data 07/07/2017 12:46:26

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa aos recortes educativos producidos no CEIP de Calo, en Teo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis a fin de curso trouxo un montón de noticias perniciosas para o noso sistema educativo. O peche de centros, de liñas educativas, unidades e mestres. Un paso máis no desmantelamento do ensino público, especialmente agresivo co ensino no rural.

Un destes exemplos témolo en Teo, onde, tal e como denunciou a ANPA A Rabadela, o día de Fin de Curso, o venres 23 de xuño, pasadas as dúas da tarde, a dirección da anpa coñece, extraoficialmente, por varias familias a **suposta perda dunha praza de profesora de Infantil**. Tras reclamarlle a información ás autoridades competentes, o luns 26 confírmase a nova nunha xuntanza da ANPA, co inspector e a directora, que ten lugar no centro.

En dita xuntanza, o inspector explica que **non se suprime unha praza** porque a profesora non perde o seu posto de traballo, senón que a desprazan. Pero o que é certo, é que o CEIP de Calo perde unha profesora con praza definitiva que, seguramente, xa nunca será repostada. Pasando de 8 profesoras e profesores con praza definitiva a 7. Ao mesmo tempo pérdese un curso de 4º de Infantil. Noticia comunicada o día de fin de curso tras meses asegurando o contrario, tanto no



Consello escolar, como a través da propia profesora afectada, absolutamente confiada no que lle transmitía a dirección do centro, de que Inspección confirma que NON se suprimiría praza ningunha para o curso 2017-18 neste centro.

Por outra banda, a próxima xubilación de dúas traballadoras da cociña do centro, crea unha inseguridade sobre a continuidade do servizo no mesmo.

Ante esta situación, e de acordo coas demandas trasladadas pola ANPA A Rabadela, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Manter, na súa totalidade, o persoal educativo dos CEIPs de Teo, e do de Calo en particular.
2. Garantir a continuidade de todos os servizos que presta o CEIP de Calo, moi particularmente o da cociña.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 13:02:07

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 13:02:16

Luis Villares Naveira na data 07/07/2017 13:02:30

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa aos problemas sobre a oferta educativa detectados no IES Plurilingüe de Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai semanas que nais e pais de estudantes do IES Plurilingüe de Ames denunciaron irregularidades co proceso de matrícula e o establecemento de itinerarios.

Estanse producindo problemas respecto á optatividade e a vinculación dunhas materias a outras, limitacións na capacidade de escolla do alumando e proposta de itinerarios que non garanten as demandas e necesidades reais do alumnado. Ademais, atópanse vulneracións cara a liberdade en materia de educación relixiosa.

Os **itinerarios** propostos pola dirección do centro do IES de Ames para o curso 2017-2018, en primeiro e segundo de Bacharelato, adoecen dos seguintes defectos de forma:

Non garanten o dereito do alumnado á libre elección de materias troncais de modalidade, ao non figurar entre elas, todas as que a lei prescribe para cada unha das modalidades que se ofertan neste centro. Para fundamentar este punto pode lerse:

Artigo 31 do DECRETO 86/2015 que di:



8. Só se poderá limitar a elección de materias de opción cando haxa un número insuficiente de alumnos e alumnas segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 19 da RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17. Este artigo recolle literalmente o seguinte punto:

Artigo 19. Organización da oferta nos centros.

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro. Neste centro, a dirección obriga ao alumnado de segundo de Bacharelato a escoller unha terceira materia troncal de opción, cando iso limita o dereito a elixir optativas específicas e endurece un curso, xa de por si duro, como é 2º de Bacharelato.

Ao ligar a elección de determinadas materias á obriga de cursar relixión, non garanten a liberdade relixiosa de pais e alumnado reflectida no artigo que recolle na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015:

Disposición adicional terceira.

Ensinanzas de relixión 1. As ensinanzas de relixión incluíranse na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato de acordo co establecido nos artigos 13, 14, 30 e 31 deste decreto.

2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais, as nais ou os/as titores legais e, de ser o caso, os/as alumnos/as poidan manifestar a súa vontade de que estes/as reciban ou non ensinanzas de relixión.

En resumo, as inconsistencias que se poden observar nos itinerarios propostos no centro son as seguintes:

Para 1º de Bacharelato:



- A aplicación dunha hora de reforzo obrigatoria ás materias optativas específicas de 3 horas (que pasan a ser de 4 horas) supón a conformación de itinerarios que forzan a desaparición das materias optativas de configuración autonómica.

En 2º de Bacharelato:

- Non se respecta o artigo 31 do DECRETO 86/2015, no se que recolle a non restrición na oferta das materias optativas de modalidade, salvo ausencia de demanda (apdo 8).
- Os itinerarios propostos no impreso de matrícula impiden cursar como materias de modalidade, Xeoloxía, no itinerario de Ciencias, e Historia da Filosofía, no itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades.
- Estes itinerarios forzan ao alumnado a escoller como optativa específica unha materia optativa de modalidade de 4 horas, endurecendo o Bacharelato a todo o alumnado e convertendo un dereito recollido na lei como opción do alumnado nunha obriga.
- Esta configuración de itinerarios provoca que materias optativas de libre configuración autonómica, como é o caso da materia de MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NÚMERICOS, teñan que sumar unha hora de reforzo e cursarse obrigatoriedade con Relixión vulnerando, xa que logo o disposto na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015

En **canto ao impreso** de matrícula obsérvanse as seguintes irregularidades:

Na última versión do impreso de matrícula, a redacción é confusa porque non se sinalan claramente as materias que se escollen con reforzo educativo, dando a entender que as materias poden variar a súa oferta horaria en función de distintas necesidades e inducendo desta forma á confusión das persoas que se matriculan.

No impreso de matrícula non se denominan as materias polo nome que lle corresponde. Isto é especialmente evidente no impreso de 2º de Bacharelato onde aparecen no apartado de materias específicas a totalidade das materias troncais de



opción. E faise constar explicitamente no impreso a obrigatoriedade de cursar a materia de Métodos Estatísticos e Numéricos xuntamente con relixión.

Ante esta situación, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Facer actuar á inspección educativa coa fin de asegurarse que o centro cumpra coa lexislación vixente e garanta o exercicio real nos dereitos do alumnado.
- 2- Velar porque o alumnado poida cursar as materias de libre configuración autonómica sen a obriga de cursar Relixión católica

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 13:05:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 13:05:13

Paula Quinteiro Araújo na data 07/07/2017 13:05:20

Luis Villares Naveira na data 07/07/2017 13:05:38

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Porque os dereitos valen o que valen as súas garantías e a última garantía dos dereitos é sempre a xurisdiccional.

Coa crise como oportunidade, dende a chegada do PP ao Goberno do Estado e da Xunta de Galicia iniciouse un proceso constante de desmantelamento de dereitos e liberdades, tamén na Xustiza coa regresiva implantación das taxas xudiciais, que foron parcialmente declaradas inconstitucionais, para as persoas físicas, polo Tribunal Constitucional (en adiante, TC) en sentenza do 21 de xullo de 2016. A propia sentenza facía referencia á outra sentenza do TC (a 20/2012), que as admitiu no orde contencioso-administrativo sempre que fose para asegurar o control das administracións públicas, asegurando a suxeición destas ao imperio da lei. Nesta tarefa, dicía o TC no ano 2012, a cidadanía xoga un papel decisivo, polo que a eficacia do control xudicial da actividade administrativa se anuda á necesidade de que non se entorpeza inxustificadamente a promoción de pretensións xudiciais, incluídas as entidades representativas de intereses colectivos e difusos, como as asociacións ecoloxistas.

Foron estas asociacións as que denunciaron que os procedementos contra proxectos que impliquen graves impactos ambientais se encarecerían notablemente, facendo imposible o inicio deste tipo de procesos. E iso cando o propio convenio de Aarhus, ratificado por España en 2005, manifesta no seu artigo 9 que os estados han de velar polo acceso á xustiza de forma rápida, gratuíta ou pouco onerosa; ademais de que contemplará a

Grupo Parlamentario

existencia de mecanismos apropiados para eliminar ou reducir os obstáculos financeiros que obstaculicen o acceso á xustiza.

Nestes días, “Amigos de la Tierra”, “Ecologistas en Acción”, “Greenpeace”, “SEO/BirdLife” e “WWF” teñen reclamado á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que cumpra o compromiso do Goberno do PP de incluír ás ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuíta, compromiso xa dos ministros Miguel Arias Cañete e Alberto Ruiz Gallardón e promesa do PP no seu programa electoral.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado demandando a revisión da Lei 10/2012, do 20 de novembro, coa fin de que as persoas e colectivos que inicien un proceso en defensa do medio ambiente non paguen as taxas xudiciais, incluíndoas no dereito á xustiza gratuíta.

Pazo do Parlamento, 7 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/07/2017 16:46:17

Noela Blanco Rodríguez na data 10/07/2017 16:46:24

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/07/2017 16:46:29

 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 16:46:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2017 16:46:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A peregrinación Xacobeá trouxo na Idade Media a peregrinos de toda Europa, traendo dos países escandinavos e, sobre todo, ingleses, escoceses, irlandeses ou flamencos. Todos eles contribuíron a fixar o que hoxe coñecemos coma “O Camiño Inglés”, chegando a Galicia por Mar, arribando nos portos de Ferrol ou A Coruña, e tamén polos de Viveiro ou Ribadeo, no litoral lucense.

O Camiño Inglés conta con dúas alternativas, o itinerario dende A Coruña, con 74,7 Km, e dende Ferrol, con 118,7 km; estes dous itinerarios xúntanse á metade de camiño na localidade de Bruma, no concello de Mesía, dende onde continúan xuntos nos últimos 40 km ata Santiago de Compostela. Así, as etapas e os tramos propostos pola Xunta de Galicia son:

1. Dende Ferrol

2. Dende A Coruña



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Etapas	Distancia
Ferrol-Neda	14,35 km
Neda-Miño	24,44 km
Miño-Bruma	38,73 km
Bruma-Sigüeiro	20,13 km
Sigüeiro-Santiago	16,74 km

Na actualidade existe unha rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia, que toma como modelo a propia rede de hospitais medievais, hoxe son 69 centros con máis de 3.000 prazas; dos que só hai 6 neste camiño (Carral, Neda, Pontedeume, Miño, Betanzos, Bruma) cun número de prazas insuficientes.

Este camiño Inglés ten experimentado un importante incremento de peregrinos nos últimos anos e a propia experiencia nos confirma que canto mellor acondicionado estea o camiño, máis visitantes ten. Non obstante, a realidade é que na actualidade este camiño conta cunha serie de deficiencias que non favorecen a súa utilización nin o seu descubrimento:

- a) A sinalética é moi deficiente en todo o traxecto.
- b) No novo trazado urbano, aprobado pola Xunta de Galicia en 2014, conviven sinais de distintas cores que confunden o peregrino.
- c) Hai zonas cun mantemento deficitario.
- d) Os albergues son insuficientes, tendo en conta que dende Bruma ata Santiago de Compostela non existe ningún, tendo un percorrido que suma dúas etapas, é dicir, 36,87Km.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que no Camiño Inglés se acometan as seguintes melloras:

Grupo Parlamentario

1º) Proceder a reparar e/ou repoiñar toda a sinalética que está en mal estado, tanto os indicadores como as mouteiras.

2º) Proceder a colocar os indicadores e mouteiras naquelas zonas que teñan unha sinalización insuficiente.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3º) Construír ou adecuar algún edificio, no menor tempo posible e de acordo cos concellos de Oroso e Ferrol, para albergue dos peregrinos e peregrinas.

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 16:24:59

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/07/2017 16:25:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/07/2017 16:25:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2017 16:25:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira e das súas deputadas Paula Quinteiro Araújo e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre as solucións ás agricultoras e agricultores afectados polo pedrazo do día 6 de xullo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na tarde do día 6 de xullo o pedrazo arrasou con gran parte da produción agraria de numerosas familias dos concellos de Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio na provincia de Ourense. O 7 de xullo un pleno extraordinario no Concello de Xunqueira aprobou, por unanimidade, solicitar a declaración de zona de emerxencia para o municipio.

A agricultura e a gandería constitúen o principal motor económico destes concellos eminentemente rurais, con grandes extensións de cultivos como trigo, cebada, pataca ou chícharos.

Dende En Marea, e despois de visitar as zonas afectadas, esixímoslle á Consellaría de Medio Rural que garanta ás nosas produtoras e produtores unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para seguir a traballar as nosas terras dunha forma digna e con garantía de continuidade.



Asemade compre facer fincapé en que, actualmente, as pólizas de seguros agrarios non se adaptan á realidade galega e, proba diso, é a baixa aceptación que teñen entre o rural galego.

Moitos agricultores e agricultoras non contratan estes seguros porque é moi caro, e as que o fan saben que as indemnizacións non cobren os gasto de produción.

A raíz desta problemática dende En Marea xa rexistramos unha Proposición non de lei no Parlamento de Galicia con data do 21 de xuño onde, entre outros puntos, instamos a Xunta de Galicia a que se fomente a contratación para a xente nova, con incorporación na actividade agraria nos 2 anos anteriores, cun incentivo de subvención na prima base, a que se fomente a contratación en zonas que tiveron moita incidencia de sinistros na campaña anterior, ou eliminar o sistema de bonificacións e recargas nos sinistros por adversidades climáticas, dado que o asegurado ou asegurada non é responsable delas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.Facer unha avaliación e cuantificación precisa dos danos provocados pola sarabia nos cultivos agrarios e gandeiros; e informar de maneira aberta e transparente ao respecto.
- 2.Determinar que porcentaxe de cultivos arrasados non están cubertos por seguros agrarios e crear unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas.



3. Habilitar unha liña de créditos sen custes de tramitación e con xuros cero para garantir a liquidez das explotacións afectadas, e negociación de moratorias nos créditos xa subscritos con entidades bancarias.
4. Condonación das cotas á Seguridade Social, como mínimo durante seis meses, e rebaixas no IRPF para os labregos e labregas afectadas.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Voceiro do G.P. de En Marea.

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 10:56:21

Luis Villares Naveira na data 11/07/2017 10:56:32

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2017 10:56:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/07/2017 10:56:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a inclusión do Camiño de San Rosendo como Camiño de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño xacobeo entra en Galicia pola Portela do Home, ao través da anterga Vía Nova, vía romana tamén coñecida como Geira. Métese no Xurés ao través do Concello de Lobios polo Val de Río Caldo, onde abrollan os mananciais termais de Os Baños. Logo sobe pola marxe esquerda do río Limia ata Parade Ventosa, xa no concello de Muíños, onde atravesa o río na presa das Conchas e chega á igrexa visigótica de Santa Comba de Bande; polos montes deste concello diríxese á Portela do Vieiro, entrando no Concello de Verea para encamiñarse á parada obrigatoria de San Salvador de Celanova. Xa por terreos do Arnoia, atravesa o concello de Cartelle, A Merca, San Cibrao das Viñas e Barbadás, enlazando en Ourense coa Vía da Prata.

Con data 15 de decembro do 2009, diferentes asociacións da comarca, solicitáronlle á Consellería de Cultura o recoñecemento oficial de camiño xacobeo para o "Camiño de San Rosendo" ou "Caminho da Raíña Santa"; vía de peregrinación a Compostela que vén de Braga e entra pola Portela d'Homem, aproveitando o antigo trazado da vía romana XVIII ata Santa Comba de Bande,



onde se separaba da mesma e seguía polo Alto do Vieiro e Celanova ata Ourense, enlazando coa vía da prata.

Así mesmo, con data 25 de marzo do 2010, reunidos en Celanova os alcaldes dos concellos polos que pasa o camiño (Lobios, Entrimo, Muíños, Bande, Lobeira, Celanova, Cartelle, A Merca, Vereá, San Cibrao das Viñas e Barbadás), acordaron por unanimidade, que este camiño sexa recoñecido oficialmente camiño xacobeo, como un ramal do camiño Mozárabe e que se lle aplique a sinalización apropiada.

Novamente, con data de 4 de novembro do 2015, diferentes asociacións dos concellos implicados, volven a presentar a documentación histórica do camiño, reclamando a súa solicitude de ser recoñecido Camiño de Santiago ante a Xefatura de Servizo de Protección e Fomento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

- 1.Solicitar a incursión do camiño Xacobeo de San Rosendo, como camiño xacobeo de peregrinación a Santiago.
2. Dotar o camiño da sinalización propia do Camiño de Santiago.
3. Elaborar un plan director para conservar o Camiño, potencialo e dotalo da rede de albergues axeitada.
4. Establecer contactos coas cámaras de Terras de Bouro, Amares e Braga para que se leve a cabo a mesma actuación na parte portuguesa do camiño.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2017



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 11:31:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/07/2017 11:31:31

Luis Villares Naveira na data 11/07/2017 11:31:39

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Rural retirou o helicóptero contra incendios que operaba na base de Vilanova, no Barco de Valdeorras. A Consellería confirmou a desaparición do servizo permanente do medio aéreo e cambiou a denominación do recinto por 'base alternativa', que quere dicir que os aparatos que desprace dende outros puntos cando xurda algún incendio na comarca poderán repostar carburante. Esta decisión deixa ao descuberto e en perigo a un Distrito coma o XIII, cunha das orografía máis complexas de todo o país.

Neste Distrito atópanse lugares cunha importancia ecolóxica e forestal moi elevada. Atópanse, por exemplo, o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, o Teixedal de Casaio, ou enclaves como o Macizo Central Ourensán.

Trátase dunha comarca que ten case todo o seu territorio incluído entre as zonas de alto risco de incendio forestal (ZAR), segundo a clasificación da Consellería do Medio Rural. Sen ir máis lonxe, en agosto de 2012 os medios de loia contra incendios da comarca foron desbordados por un dos grandes incendios (máis de 500 hectáreas) rexistrados no Estado. O lume arrasou 1.600 hectáreas de O Barco, Carballeda e Rubiá, chegando a afectar ao parque natural Serra de Enciña da Lastra. Só no 2016, o Oriente Ourensán concentrou máis da metade das 22.000 hectáreas ardidadas no total de Galicia e a metade dos grandes incendios

forestais superiores a 500 hectáreas.

Este Distrito é un dos máis complicados en termos de orografía, humidades relativas medias e temperaturas moi altas, onde a velocidade de propagación é elevadísima, podendo crear lumes de cuarta xeración cun compoñente convectivo moi importante, o que intensifica a gravidade da emerxencia por lume forestal e a necesidade de dar unha resposta o máis rápida posible. O problema é o tempo de resposta que se perde no traslado dun helicóptero dende outro lugar. O máis próximo a O Barco está en San Xoán de Río, a aproximadamente 30 quilómetros en liña recta. Os minutos máis importantes á hora de extinguir un incendio son os 20 primeiros, pero dende que se dá o aviso, un helicóptero de outra base podería tardar entre 40 minutos ou unha hora, pois podería estar traballando noutro lume. Diante disto, a presenza do helicóptero nesta zona dende 1992 tiña unha razón técnica de ser. Sen embargo, esta situación non é nova, xa que en 2013, a Consellería de Medio Rural deixou a instalación como mero espazo de repostaxe, tendo que rectificar no medio do verán de 2016 ante a alta incidencia de incendios na zona.

Non entendemos como, despois de investir milleiros de euros nela, unha base contraincendios nunha zona destas características permaneza pechada a día de hoxe e cuxa utilidade no futuro parece que vai ser unicamente a de servir de repostaxe para helicópteros doutras bases.

Por todo o anterior exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar e arranxar os problemas que poida presentar a citada base.



2. Garantir o retorno inmediato do helicóptero contraincendios de Vilanova e o carácter permanente da base.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo, Asdo.: Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez, Voceiro do G.P. de En Marea
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2017 12:34:41

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 12:35:03

Luis Villares Naveira na data 11/07/2017 12:35:11



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, relativa á cobertura dos servizos pediátricos na comarca de Chantada

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Chantada conta cunha praza de pediatría que presta servizo ás e aos menores dos concellos de Chantada e Carballo, cuns 850 nenos e nenas en idade pediátrica.

Recentemente, este centro de saúde de Chantada quedou sen servizo de Pediatría, dado que a médica de familia que se ocupaba desta área – substituíndo á profesional que ten esta praza en propiedade e que se atopa de baixa – foi trasladada a outro destino.

Resultado desta situación, en principio, tanto as urxencias pediátricas coma as consultas terán que ser atendidas polo resto de persoal médico do centro de saúde de Chantada e polo Hospital de Monforte.

Con motivo da mobilización social, o SERGAS respondeu co anuncio da cobertura do servizo de pediatría en Chantada por dous días á semana, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2017. Estes días serán cubertos por unha das persoas profesionais de pediatría do Hospital de Monforte.

Esta solución, que supón un parche na comarca de Chantada a costa de reducir servizos na comarca de Lemos – xa deficitaria en atención pediátrica – é rexeitada pola cidadanía, que reclama unha solución global á falta de profesionais de pediatría no sur da provincia de Lugo.

Esta situación que se produce na comarca de Chantada non é nova, xa que non se cobren as vacacións da pediatra titular, deixando o centro sen servizo e adiando as revisións. A resposta dada polo SERGAS ás queixas por esta circunstancia o pasado inverno fora que “dada a falta de substitutos da especialidade de pediatría” e “ao non dispoñer de médicos de familia da lista de contratación”, adoptouse a “solución” de que “a patoloxía aguda dos nenos da comarca sexa asumida polos médicos de familia de cupo”, tendo como “referencia para calquera dúbida” a Pediatría do Hospital de Monforte. Para os programas de seguimento de nenos e nenas sans, indicouse que se programarían cando se reincorporara a pediatra ao centro de saúde de Chantada.

A solución de recorrer a profesionais do Hospital de Monforte supón agravar os problemas de saturación laboral do persoal de pediatría, do cal cobren as baixas.

Unha queixa ante a Valeduría do Pobo motivou un expediente desta institución no que se sinalaba que, segundo a Consellería de Sanidade, “é previsible que, como consecuencia do próximo remate da formación dos novos médicos residentes na especialidade de pediatría e a resolución do concurso de traslados” e poda ter unha “relación de titulados en pediatría que permita dar cobertura máis inmediata a esta situación”.

Ademais, ao centro de saúde de Chantada a matrona só consulta un día á semana.



Múltiples comarcas galegas padecen a carencia de servizo de pediatría, ben por excesiva ratio de tarxetas por profesional, ben polo afastamento do centro onde atende a profesional de referencia, feitos agravados pola non reposición de prazas cando as profesionais se atopan de baixa. Isto sucede, fundamentalmente, na provincia de Lugo, na área da Montaña lucense, no sur de Lugo e na Mariña. A falta de servizo de pediatría no rural galego é unha constante, converténdose o déficit deste servizo básico nun factor máis que acentúa a tendencia demográfica regresiva.

Polo exposto, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta a:

- 1 - Garantir a estabilidade da praza de pediatría no centro de saúde de Chantada, con consulta 5 días á semana.
- 2 - Deseñar un plan para garantir a medio e longo prazo a estabilidade das prazas de pediatría na Atención Primaria e Especializada da área sanitaria de Monforte, así como a cobertura das baixas das profesionais.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/07/2017 14:20:46

Eva Solla Fernández na data 12/07/2017 14:20:54

Luis Villares Naveira na data 12/07/2017 14:21:03

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) arrincou no ano 2000, impulsado pola Comisión de Toponimia, dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que era a competente na materia, aínda que tamén estaban implicados outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, que xestionaba o SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), que constitúe o soporte técnico para a execución do PTG.

Os obxectivos do proxecto eran:

- Recoller toda a toponimia galega, tanto a referida a entidades de poboación como a outras realidades xeográficas (nomes de terras, fontes, regueiros, cruceiros, cons, areas...)
- Fixar unha forma escrita
- Situala cartograficamente

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina patrimonio inmaterial dos pobos. O carácter permanente dos topónimos faíños monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

En Galicia, a Toponimia supón un importante e riquísimo patrimonio cultural, pois temos un terzo dos nomes de lugar de toda España; pero esta riqueza encóntrase hoxe gravemente ameazada, debido á transformación demográfica e á progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais.

 Grupo Parlamentario

No dito proxecto viñan colaborando os concellos, que, a través de convenios, facilitaban persoal e apoio material no seu respectivo ámbito territorial, asociacións veciñais e culturais, comunidades de montes e outras entidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Séguese desenvolvendo a día de hoxe o proxecto Toponimia de Galicia?

2ª) En cantos concellos se ten desenvolvido e rematado o proxecto de toponimia?

3ª) Cal é o programa de desenvolvemento do proxecto Toponimia de Galicia nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/07/2017 19:13:06

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/07/2017 19:13:15

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/07/2017 19:13:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2017 19:13:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/07/2017 19:13:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A xestión da lonxa de Ribeira nas última décadas recaeu no concello desta vila converténdose na súa entidade xestora.

A contratación de produtos pesqueiros no porto de Ribeira estívose a realizar ao abeiro da lexislación pesqueira de aplicación, tal como o Decreto 419/1993 do 17 de decembro que refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006 do 8 de xuño, a Orde de 8 de febreiro de 2008 que derroga a Orde de 5 de novembro de 2004 pola que se refunde o control da descarga e transporte de produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda.

Tal e como establece a normativa de aplicación, as entidades xestoras de lonxas deberán confeccionar un regulamento de réxime interior que se aprobará pola Consellería do Mar.

Este regulamento foi publicado no BOP n.º 252 do 31 de outubro de 2008, no que se desenvolve a operativa e as funcións levadas a cabo pola entidade xestora e que ten por obxectivos:

1. Promover a práctica daqueles servizos que permitan asegurar dentro das liñas de máxima eficacia, seguridade e comodidade para todos os interesados as operacións de contratación (compravenda) de produtos pesqueiros.
2. Dotar a contratación dos produtos pesqueiros dos adecuados sistemas prácticos que condúzan ao adecuado coñecemento e situación dos mercados, en especial das existencias, calidade e presos.

Grupo Parlamentario

3. Dotar o mercado dos diversos produtos da máxima transparencia e calidade en prezos e cotizacións.
4. Contribuír ao melloramento físico e institucional das operacións comerciais que recaian sobre os produtos pesqueiros da zona.
5. Fomentar as medidas que permitan a mellor contratación e tipificación dos produtos cando se aproben as medidas de intervención na área de influencia comercial da lonxa, facilitando as informacións necesarias e procurando a defensa dos intereses dos produtos pesqueiros.
6. Ofrecer e recadar mediante un sistema de colaboración mutua os máximos entendementos na orde comercial e os aspectos derivados con toda clase de organismos.
7. E ademais calquera outra actividade que, aínda non previstas nos apartados anteriores, resulten apropiadas para a consecución dos fins e obxectivos asinados á lonxa e as súas relación con toda crase de organismos.

O aspecto económico mantido ata a data, concrétese en:

1. Comisión cobrada polas casas vendedoras: as vendedurías viñan descontando pola súa función de subhasta, facturación e cobro a compradores un 3 % do volume bruto da venda a os armadores. Repercutían, así mesmo, a tarifa X-4, é dicir un 1,75 % sobre o importe bruto ao comprador, ingresando tal cifra a Portos de Galicia.
2. Taxa da lonxa: a administración de lonxa repercutía, en concepto de taxa, aquel importe necesario para cubrir os gastos nos que incorría e que nos últimos anos, estaba situado no 0,96 % sobre o volume de facturación. Este importe é retido pola casa vendedora ao armador e ingresado ao Concello.

Coa aparición da nova lonxa e os novos xestores que sobre a base dunha autorización temporal por tres anos ou ata que saia a concurso a súa concesión definitiva, todo este réxime de funcionamento cambia radicalmente. Rómpe-se

Grupo Parlamentario

totalmente coa operativa antes descrita pretendendo a nova xestora cometer funcións de subhasta e facturación todo iso nun entorno de confusión e escurantismo, posto que a día de hoxe non se dispón nin de regulamento de explotación nin de réxime de tarifas, documentos ambos que deben ser presentados e aprobados por Portos de Galicia antes de inicio da actividade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así pois, vendedores, armadores e compradores ante o manifestado polos novos xestores de profundo cambio na xestión a negativa constante de acceder a algún dos cambios propostos na nova operativa que acerquen posturas.

Por parte dos armadores demándase que as vendedurías que ata agora viñan realizando a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda.

Por parte dos vendedores, poder realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, deste xeito optimizaríase a cotización obtida na subhasta.

E por parte dos compradores, existen a aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval claro na súa redacción e contido e que non se lle impoña un réxime de domiciliación bancaria non asumible.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que adopte as medidas necesarias que permitan solucionar o conflito da lonxa de Ribeira e xeren o equilibrio necesario entre os distintos axentes, tendo en conta:

1º) Que as vendedurías que ata o de agora se estaban a realizar mediante a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a súa cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda.

Grupo Parlamentario

2º) O establecemento de medidas para que os vendedores, poidan realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, xa que deste xeito se optimizaría a cotización obtida na subhasta.

3º) A aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval clara/o na súa redacción e contido, e que non se lle imponha un réxime de domiciliación bancaria non asumible.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/07/2017 10:28:30

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:28:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 10:29:18

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O coñecido como “Príncipe Felipe”, en Pontevedra, é un centro aberto de acollida de menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión. Ocupa unha superficie de 118.000 metros cadrados, nel traballan 229 persoas e ten a 210 menores en acollida, dos que unha terceira parte foron derivados pola Xunta de Galicia.

Este centro dispón dunha Unidade de Primeira Acollida que a Xunta de Galicia está a utilizar como instrumento para derivarlle ao “Príncipe Felipe” menores tutelados con multitude de problemas de condutas (tamén maiores de 14 anos), desentendéndose deles a partires dese momento, o que xera multitude de problemas para os e as menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión que son responsabilidade da Deputación Provincial de Pontevedra.

O curioso é que esta situación non é nova porque hai anos que dende a Deputación Provincial de Pontevedra se lle reclama á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias en protección de menores, pero o Goberno de Feijóo non está polo labor e ten prorrogado un convenio que remata no mes de decembro. E iso que a Deputación de Pontevedra ten ofrecido ao Goberno a cesión dun edificio dentro do recinto para que alí sexa a Xunta quen asuma as súas competencias, é dicir, para a creación dunha unidade específica destinada ao tratamento de problemas de condutas, mais a resposta por parte do Goberno é o silencio.

A Xunta de Galicia é a administración competente en protección de menores, resultando anacrónico que teña que ser a Deputación de

 Grupo Parlamentario

Pontevedra quen estea a prestar este servizo do que a Xunta de Galicia se ten desentendido dende hai anos. Así as cousas, en reiteradas ocasións, tanto co goberno provincial actual como co anterior, a Deputación de Pontevedra ten trasladado a existencia dunha situación insostible, mais o Goberno galego nada ten feito. O que é unha absoluta irresponsabilidade, pois cando se está a falar de menores de idade e de menores de idade con dificultades familiares ou en risco de exclusión, ninguén pode mirar cara a outro lado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Exerza as súas competencias con relación a todos os menores de idade con dificultades familiares ou en risco de exclusión que se atopan no centro de acollida “Príncipe Felipe”, en Pontevedra.
2. A tal efecto, e mediante a negociación con todas as Administracións implicadas, acade solucións non traumáticas para os menores mencionados, creando unha unidade específica propia no centro e destinada ao tratamento de problemas de condutas.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 10:43:19

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 10:43:24

Noela Blanco Rodríguez na data 13/07/2017 10:43:30

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:43:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 10:43:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O día 16 de decembro do ano 2013, a comisión de Peticións do Parlamento Europeo aprobaba un informe sobre o estado das rías galegas. Unha delegación de eurodiputados viñera a Galicia a comezos de ano e unha das rías visitadas fora a de O Burgo, na que os europarlamentarios quedaron impactados polos lodos que, medidos alí mesmo, chegaban a máis de 2 metros de profundidade, tanto que case “tragan” a un mergullador que baixou as escaleiras dun dos peiraos.

Dous anos despois daquela visita da Delegación Europea, o 11 de decembro de 2015, sometíase a exposición pública o Proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo” elaborado polo Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente. Varias entidades (agrupadas na Mesa da ría do Burgo) presentaban entón alegacións reclamando que o proxecto de dragado fose acompañado dunha dotación orzamentaria e un calendario de actuacións precisos e suficientes para a súa execución. O proceso para definir a dragaxe tería que ter rematado o 21 de xullo de 2016 coa publicación do proxecto definitivo, pero o Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente non ten aínda o visto bo para a Declaración de Impacto Ambiental e pediulle máis información a Augas de Galicia e á Subdirección Xeral de Resíduos.

A ría necesita unha limpeza urxente e extensiva. Nos anos oitenta daba traballo a 2000 mariscadoras mentres que hoxe a súa capacidade produtiva apenas chega ao 20 % e emprega a bastantes menos de 100 en actividades extractivas, o que é lóxico porque moitas destas persoas tiveron que deixar de traballar porque os ingresos nin sequera lles chegan para pagar as cotas

Grupo Parlamentario

da Seguridade Social, problema, por certo, común entre o sector marisqueiro. A dragaxe é imprescindible porque os lodos afogan o marisco, a anguía extinguiuse e o berberecho e a ameixa están a desaparecer.

Onte mesmo a ría abríase ao marisqueo con resultados decepcionantes, segundo representantes do sector, pois os lodos seguen a afogar ao marisco. O futuro pinta moi negro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande ao Goberno do Estado que o Proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo”, elaborado polo Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente, remate antes do fin de 2017.
2. Que presuposte a cantidade de 2 millóns de euros para a dragaxe da ría de O Burgo.
3. Que inicie os traballos de saneamento e rexeneración, adoptando medidas inmediatas para sanear a ría e garantir a calidade das súas augas.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 10:58:27

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/07/2017 10:58:34

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:58:43

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 10:58:49

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 10:58:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 10:59:00

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O Concello de Poio, en Pontevedra, está a traballar na mellor figura de protección para a Illa de Tambo.

O día 7 de febreiro deste ano 2017, o Goberno do Estado respondía no Congreso dos Deputados o seguinte: *“En el año 2002, como consecuencia de un informe técnico elaborado por la Empresa de Transformación Agraria SA-TRAGSA, se produjo una tala selectiva en la isla para facilitar la conservación de su masa forestal y reducir el riesgo de incendios forestales. Los trabajos realizados por esta empresa especializada se dividieron en dos fases, una primera orientada a la poda controlada de pino, eucalipto y arbustos para, con el beneficio económico obtenido de la madera, acometer una segunda fase de rebrote de las cepas de eucalipto y una inversión para el acondicionamiento del cuartel de marinería de la escuela y, de este modo, mejorar el bienestar y calidad de vida de su dotación. El Ministerio de Defensa ha permitido el acceso de visitas a este enclave, con las reservas propias de su condición como zona militar, buscando el equilibrio entre el uso y disfrute por parte de la ciudadanía y, tal y como obliga la legislación vigente, las medidas para garantizar su seguridad y la protección de sus edificaciones y medioambiente para evitar la repetición de los actos vandálicos producidos en el pasado. El estado actual de conservación de la isla es satisfactorio, señalando las acciones de protección, mantenimiento y reconstrucción realizadas y que ponen de manifiesto el interés del Ministerio de Defensa en conservar en óptimas condiciones este entorno natural”*.

A Universidade de Vigo fixera hai uns anos un estudo sobre o que se atopa dentro da illa: unha capela do século XVIII, as ruínas dun lazareto do século XIX, restos de petróglifos, un faro dos anos 30, unha comboa e, entre outras cousas, 3 praias maravillosas. Pero o que non dicía o estudo é que tamén hai unha invasión de eucaliptos, mimosas, avespa velutina e ata visóns americanos.

Grupo Parlamentario

O Concello de Poio ten posto en marcha unha Comisión de Seguimento para que a Illa de Tambo deixe de pertencer ao Ministerio de Defensa, pase a ser de uso público e se chegue, de maneira consensuada, á figura máis axeitada para a protección e xestión da illa, chegando incluso á súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Nesa comisión participan o Goberno e os grupos municipais, veciños e veciñas de Poio e a Deputación de Pontevedra; estaba invitado o Goberno galego, pero aínda están a agardar a que se poña ao teléfono...

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que acuda e participe nas reunións da Comisión de Seguimento posta en marcha polo Concello de Poio para atopar a figura máis axeitada para a xestión e protección da Illa de Tambo, tal como un plan estratéxico de xestión semellante ao de outras illas atlánticas.
2. Que demande ao Goberno do Estado que calquera tipo de beneficio económico obtido dos elementos que se atopan na illa sexa empregado na súa conservación.
3. Que demande ao Goberno do Estado que adopte as necesarias medidas de protección, mantemento e reconstrución da capela do século XVIII, das ruínas dun lazareto do século XIX, dos restos de petróglifos, do faro dos anos 30 e da comboa existentes.
4. Que valore a opción de solicitar a inclusión da Illa de Tambo no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/07/2017 11:17:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 11:17:41

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 11:17:48

María Luisa Pierres López na data 13/07/2017 11:17:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 11:17:56

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A crise económica que temos padecido na última década, e que si ben, parece remontar a nivel macroeconómico, continua xerando pobreza e desigualdade, non só entre os parados, senón tamén entre os e as traballadoras con salarios máis baixos, tivo outros moitos efectos.

Os e as socialistas queremos mostrar a nosa preocupación pola relaxación, que coa desculpa da crise, se ten producido no ámbito da seguridade industrial. Os recortes nos custos das empresas, e a falla de iniciativa política por parte da Administración autonómica, teñen feito que a situación neste ámbito retrocédese a niveis de fai bastantes anos.

Isto ten producido, entre outras consecuencias, que os niveis dos accidentes laborais, que deberían de diminuír de maneira sostida no tempo, se teñan mantido estables, e mesmo teñan aumentado en algún período.

A mellora que debería de terse producido neste ámbito, recolleríase no articulado do Decreto lexislativo 1/2015, que entrou en vigor o 13 de febreiro de 2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

E que inclúe como un dos seus obxectivos, ordenar a seguridade industrial mediante o establecemento dun sistema de control que atendendo a criterios de eficiencia e eficacia, garanta a seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais en Galicia.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Establecer un sistema de información para as persoas titulares dos establecementos ou das instalacións sobre os prazos para realizar as inspeccións periódicas, indicándolles ao mesmo tempo a relación das entidades legalmente habilitadas na Comunidade Autónoma para realizalas.
2. Establecendo tarifas que permitan que as empresas realicen o seu traballo de xeito adecuado, xa que a devaluación de custos non pode garantir un traballo ben feito.
3. Que se establezan criterios coordinados no procedemento de auditoría de calquera máquina e instalación industrial. Regulando quen e como pode e debe realizar a inspección, acreditando a experiencia profesional, non das empresas, senón das persoas que realizan as revisións.
4. Esixir uns seguros de Responsabilidade Civil acordes ós traballos que se están a realizar, e acadar a coordinación e os mesmos criterios entre tódolos profesionais que se dediquen a este campo.
5. Que nos orzamentos de 2018 se dote dos medios materiais e humanos suficientes aos seguintes instrumentos de control da seguridade industrial:
 - Intervención administrativa.
 - Rexistro industrial de Galicia.
 - Rexistro de instalacións industriais.
 - Planes e programas de inspección industrial.
 - Entidades legalmente habilitadas para desenvolver as labores de inspección industrial.
 - Plan formativo para os inspectores.

 Grupo Parlamentario

6. Dar conta sobre a composición, normas de organización e réxime interno, así como as actividades realizadas polo Consello Interdepartamental de Seguridade Industrial.
7. Presentar no Parlamento de Galicia os resultados anuais dos plans de inspección realizados, así como as súas conclusións.

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/07/2017 11:24:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/07/2017 11:24:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 11:24:47

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A principios de xullo de 2017 amplas zonas da comarca da Limia, nomeadamente nos concellos de Xunqueira de Ambía e de Vilar de Barrio sufriron de novo o impacto das inclemencias meteorolóxicas, cando as secuelas das desastrosas xeadas de abril aínda están frescas na memoria dos veciños e as súas consecuencias incertamente substanciadas.

Os nosos labregos veñen sufrindo a cotío un amplo abano de catástrofes naturais que non acaban de permitirlles unha recuperación adecuada e mesmo sobre a derradeira inclemencia da xeadas de abril aínda non hai feita unha avaliación exhaustiva sobre os seus efectos económicos e as solucións para paliar tan dramático impacto, non só necesitan clarificación, senón que aínda son motivo de debate e rifa entre os distintos sectores que converxen na posible solución sobre as perdas, nomeadamente no sector vitivinícola de catro denominacións de orixe.

No caso da sarabia do mes de xullo na comarca da Limia o cultivo da castigada pataca é o que levou a peor parte, o cultivo do cereal e outros de menor implantación tamén resultaron afectados.

As primeiras estimacións falan de preto de 1000 ha, afectadas por esta inclemencia meteorolóxica que supón unha perda estimada de 12 millóns de quilos, pero certamente só se trata de primeiras estimacións que precisan dunha comprobación oficial ao igual que a avaliación das perdas económicas que algunhas fontes sitúan por enriba de un millón de euros.



Grupo Parlamentario

Ante a situación crítica creada polas distintas, diversas e continuas inclemencias meteorolóxicas que están impactando no sector primario ourensán, que é o soporte económico fundamental para amplas capas da poboación da comarca da Limia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Facer unha avaliación da zona afectada e da produción danada.
- 2º) Destinar os recursos económicos necesarios para axudar a paliar as perdas continuas dos labregos da comarca da Limia.
- 3º) Habilitar liñas de créditos brandos para os afectados.
- 4º) Dirixirse ao Goberno central para solicitarlle a rebaixa nas cotizacións da Seguridade Social e a aplicación de flexibilidade fiscal para os afectados.
- 5º) Reunirse coas compañías de seguros para propiciar melloras nos sistemas de cobertura agraria.

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 12:06:18

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/07/2017 12:06:37

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 12:06:53

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2017 12:07:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN, relativa aos recortes educativos producidos no CEIP de Calo, en Teo

Un ano máis a fin de curso trouxo un montón de noticias perniciosas para o noso sistema educativo. O peche de centros, de liñas educativas, unidades e mestres. Un paso máis no desmantelamento do ensino público, especialmente agresivo co ensino no rural.

Un destes exemplos témolo en Teo, onde, tal e como denunciou a ANPA A Rabadela, o día de Fin de Curso, o venres 23 de xuño, pasadas as dúas da tarde, a dirección da ANPA coñece, extraoficialmente, por varias familias a **suposta perda dunha praza de profesora de Infantil**. Tras reclamarlle a información ás autoridades competentes, o luns

26 confírmase a nova nunha xuntanza da ANPA co inspector e a directora que ten lugar no centro.

En dita xuntanza, o inspector explica que **non se suprime unha praza** porque a profesora non perde o seu posto de traballo, senón que a desprazan. Pero o que é certo, é que o CEIP de Calo perde unha profesora con praza definitiva que, seguramente, xa nunca será repostada. Pasando de 8 profesoras e profesores con praza definitiva a 7. Ao mesmo tempo pérdese un curso de 4º de Infantil. Noticia comunicada o día de fin de curso tras meses asegurando o contrario, tanto no Consello escolar, como a través da propia profesora afectada, absolutamente confiada no que lle transmitía a dirección do centro, de que Inspección confirma que NON se suprimiría praza ningunha para o curso 2017-18 neste centro.



Por outra banda, a próxima xubilación de dúas traballadoras da cociña do centro, crea unha inseguridade sobre a continuidade do servizo no mesmo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

1. Por que se reduce o persoal educativo do CEIP de Calo, en Teo, despois de manter o contrario durante todo o curso?
2. Ten previsto a Consellería cubrir os postos vacantes polas xubilacións previstas?
3. Vaise manter o servizo de comedor de provisión directa neste centro?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 13:00:55



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 13:01:02

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN, relativa aos problemas sobre a oferta educativa detectados no IES Plurilingüe de Ames.

Hai semanas que nais e pais de estudantes do IES Plurilingüe de Ames denuncia irregularidades co proceso de matrícula e o establecemento de itinerarios.

Estanse producindo problemas respecto á optatividade e a vinculación dunhas materias a outras, limitacións na capacidade de escolla do alumando e proposta de itinerarios que non garanten as demandas e necesidades reais do alumnado. Ademais, atópanse vulneracións cara a liberdade en materia de educación relixiosa.

Os **itinerarios** propostos pola dirección do centro do IES de Ames para o curso 2017-2018, en primeiro e segundo de Bacharelato, adoecen dos seguintes defectos de forma:

Non garanten o dereito do alumnado á libre elección de materias troncais de modalidade, ao non figurar entre elas, todas as que a lei prescribe para cada unha das modalidades que se ofertan neste centro. Para fundamentar este punto pode lerse:

Artigo 31 do DECRETO 86/2015 que di:

8. Só se poderá limitar a elección de materias de opción cando haxa un número insuficiente de alumnos e alumnas segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 19 da RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan



instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17. Este artigo recolle literalmente o seguinte punto:

Artigo 19. Organización da oferta nos centros.

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro. Neste centro, a dirección obriga ao alumnado de segundo de Bacharelato a escoller unha terceira materia troncal de opción, cando iso limita o dereito a elixir optativas específicas e endurece un curso, xa de por sí duro, como é 2º de Bacharelato.

Ao ligar a elección de determinadas materias á obriga de cursar relixión, non garanten a liberdade relixiosa de pais e alumnado reflectida no artigo que recolle na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015:

Disposición adicional terceira.

Ensinanzas de relixión 1. As ensinanzas de relixión inclúiranse na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato de acordo co establecido nos artigos 13, 14, 30 e 31 deste decreto.

2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais, as nais ou os/as titores legais e, de ser o caso, os/as alumnos/as poidan manifestar a súa vontade de que estes/as reciban ou non ensinanzas de relixión

En resumo, as inconsistencias que se poden observar nos itinerarios propostos no centro son as seguintes:

Para 1º de Bacharelato:

- A aplicación dunha hora de reforzo obrigatoria ás materias optativas específicas de 3 horas (que pasan a ser de 4 horas) supón a conformación de itinerarios que forzan a desaparición das materias optativas de configuración autonómica.

En 2º de Bacharelato:

- Non se respecta o artigo 31 do DECRETO 86/2015, no que recolle a non restrición na oferta das materias optativas de modalidade, salvo ausencia de demanda (apdo 8).
- Os itinerarios propostos no impreso de matrícula impiden cursar como materias de modalidade, Xeoloxía, no itinerario de Ciencias, e Historia da Filosofía, no itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades.
- Estes itinerarios forzan ao alumnado a escoller como optativa específica unha materia optativa de modalidade de 4 horas, endurecendo o Bacharelato a todo o alumnado e convertendo un dereito recollido na lei como opción do alumnado nunha obriga.
- Esta configuración de itinerarios provoca que materias optativas de libre configuración autonómica, como é o caso da materia de MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NÚMERICOS, teñan que sumar unha hora de reforzo e cursarse obrigatoriamente con Relixión vulnerando, xa que logo o disposto na DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO DECRETO 86/2015

En **canto ao impreso** de matrícula obsérvanse as seguintes irregularidades:

Na última versión do impreso de matrícula, a redacción é confusa porque non se sinalan claramente as materias que se escollen con reforzo educativo, dando a entender que as materias poden variar a súa oferta horaria en función de distintas necesidades e inducendo desta forma á confusión das persoas que se matriculan.

No impreso de matrícula non se denominan as materias polo nome que lle corresponde. Isto é especialmente evidente no impreso de 2º de Bacharelato onde aparecen no apartado de materias específicas a totalidade das materias troncais de opción. E faise constar explicitamente no impreso a obrigatoriedade de cursar a materia de Métodos Estatísticos e Numéricos xuntamente con relixión.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:



1. Cales son os motivos que xustifican a vulneración da normativa vixente?
2. Considera adecuado o Goberno galego a obrigatoriedade que se establece no centro de cursar relixión para algún itinerario determinado?
3. En cantos centros de ensino galegos se está obrigando aos alumnos a cursar a materia de relixión ao vinculala con outras materias?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 12:59:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 12:59:25

Paula Quinteiro Araújo na data 07/07/2017 12:59:34

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Porque os dereitos valen o que valen as súas garantías e a última garantía dos dereitos é sempre a xurisdiccional.

Coa crise como oportunidade, dende a chegada do PP ao Goberno do Estado e da Xunta de Galicia iniciouse un proceso constante de desmantelamento de dereitos e liberdades, tamén na Xustiza coa regresiva implantación das taxas xudiciais, que foron parcialmente declaradas inconstitucionais, para as persoas físicas, polo Tribunal Constitucional (en adiante, TC) en sentenza do 21 de xullo de 2016. A propia sentenza facía referencia á outra sentenza do TC (a 20/2012), que as admitiu no orde contencioso-administrativo sempre que fose para asegurar o control das administracións públicas, asegurando a suxeición destas ao imperio da lei. Nesta tarefa, dicía o TC no ano 2012, a cidadanía xoga un papel decisivo, polo que a eficacia do control xudicial da actividade administrativa se anuda á necesidade de que non se entorpeza inxustificadamente a promoción de pretensións xudiciais, incluídas as entidades representativas de intereses colectivos e difusos, como as asociacións ecoloxistas.

Foron estas asociacións as que denunciaron que os procedementos contra proxectos que impliquen graves impactos ambientais se encarecerían notablemente, facendo imposible o inicio deste tipo de procesos. E iso cando o propio convenio de Aarhus, ratificado por España en 2005, manifesta no seu artigo 9 que os estados han de velar polo acceso á xustiza de forma rápida, gratuíta ou pouco onerosa; ademais de que contemplará a existencia de mecanismos apropiados para eliminar ou reducir os obstáculos financeiros que obstaculicen o acceso á xustiza.

Nestes días, “Amigos de la Tierra”, “Ecologistas en Acción”, “Greenpeace”, “SEO/BirdLife” e “WWF” teñen reclamado á ministra de

 Grupo Parlamentario

Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que cumpra o compromiso do Goberno do PP de incluír ás ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuíta, compromiso xa dos ministros Miguel Arias Cañete e Alberto Ruiz Gallardón e promesa do PP no seu programa electoral.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno galego que a eficacia do control xudicial da actividade administrativa está vinculada ao non entorpecemento da promoción de pretensións xudiciais polas asociacións ecoloxistas e ONG ambientais?
2. Coincide o Goberno galego coa denuncia destas entidades de que, como consecuencia da imposición das taxas xudiciais, os procedementos contra proxectos que impliquen graves impactos ambientais se encarecerán e se fará imposible logo o seu inicio?
3. Vaise comprometer o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado a inclusión das asociacións ecoloxistas e das ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuíta?

Pazo do Parlamento, 7 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/07/2017 16:45:08

Noela Blanco Rodríguez na data 10/07/2017 16:45:13

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/07/2017 16:45:19

 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 16:45:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.


Partido dos
Socialistas
de Galicia

A peregrinación Xacobeá trouxo na Idade Media a peregrinos de toda Europa, traendo dos países escandinavos e, sobre todo, ingleses, escoceses, irlandeses ou flamencos. Todos eles contribuíron a fixar o que hoxe coñecemos coma “O Camiño Inglés”, chegando a Galicia por Mar, arribando nos portos de Ferrol ou A Coruña, e tamén polos de Viveiro ou Ribadeo, no litoral lucense.

O Camiño Inglés conta con dúas alternativas, o itinerario dende A Coruña, con 74,7 Km, e dende Ferrol, con 118,7 km; estes dous itinerarios xúntanse á metade de camiño na localidade de Bruma, no concello de Mesía, dende onde continúan xuntos nos últimos 40 km ata Santiago de Compostela. Así, as etapas e os tramos propostos pola Xunta de Galicia son:

1. Dende Ferrol

2. Dende A Coruña



Grupo Parlamentario

Etapas	Distancia
Ferrol-Neda	14,35 km
Neda-Miño	24,44 km
Miño-Bruma	38,73 km
Bruma-Sigüeiro	20,13 km
Sigüeiro-Santiago	16,74 km

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na actualidade existe unha rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia, que toma como modelo a propia rede de hospitais medievais, hoxe son 69 centros con máis de 3.000 prazas; dos que só hai 6 neste camiño (Carral, Neda, Pontedeume, Miño, Betanzos, Bruma) cun número de prazas insuficientes.

Este camiño Inglés ten experimentado un importante incremento de peregrinos nos últimos anos e a propia experiencia nos confirma que canto mellor acondicionado estea o camiño, máis visitantes ten. Non obstante, a realidade é que na actualidade este camiño conta cunha serie de deficiencias que non favorecen a súa utilización nin o seu descubrimento:

- a) A sinalética é moi deficiente en todo o traxecto.
- b) No novo trazado urbano, aprobado pola Xunta de Galicia en 2014, conviven sinais de distintas cores que confunden o peregrino.
- c) Hai zonas cun mantemento deficitario.
- d) Os albergues son insuficientes, tendo en conta que dende Bruma ata Santiago de Compostela non existe ningún, tendo un percorrido que suma dúas etapas, é dicir, 36,87Km.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan interpelean o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Dedicou o Goberno galego algún orzamento para a mellora, acondicionamento ou calquera outra obra no camiño inglés durante o exercicio 2016, se for o caso, que cantidade?

2ª) Cal é o orzamento que a Xunta de Galicia ten previsto neste ano 2017 para a mellora, acondicionamento ou calquera outra obra no camiño inglés?

 Grupo Parlamentario

3ª) Cal é o orzamento que a Xunta de Galicia ten previsto nos anos 2017 e 2018 para a construción, rehabilitación ou mellora de sendos albergues para peregrinos e peregrinas en Sigüeiro e Ferrol?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Ten a Xunta de Galicia algún orzamento previsto para os anos 2017 e 2018 para a construción, mellora ou rehabilitación dalgún albergue para peregrinos e peregrinas no camiño inglés?

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 18:37:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/07/2017 18:37:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/07/2017 18:37:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O pasado 24 de xuño de 2017, un interno do Centro Penitenciario de Lugo-Monterroso faleceu, presumiblemente, a causa de sobredose de drogas e, outra persoa, foi atopada polos funcionarios en estado de coma pola mesma causa.

Esta situación non é nova, xa que, dende o ano 2006, practicamente falece unha persoa ao ano por esta circunstancia.

Segundo datos do propio Ministerio do Interior, en Monterroso producíronse as seguintes mortes por sobredose de drogas, VIH e suicidios dende o ano 2006: 2006: 1 morte por drogas; 2007: unha morte por VIH; 2008: unha morte por drogas; 2009: 1 suicidio; 2010: 2 mortes por VIH; 2012; 2 mortes por drogas; 2013: 1 morte por VIH; 2014; 1 morte por drogas.

En 2006, unha carta dun preso de Monterroso á CNT denunciou a existencia de tráfico de drogas no penal: "Es importante remarcar el trapicheo de droga dentro del penal, desde las pastillas que dan en la enfermería y la metadona hasta el hachís, cocaína y heroína, lo cual provoca muchas peleas entre internos por deudas de la misma, ya que el consumidor en ocasiones no puede pagar."

Persoas que estiveron presas en Monterroso, trasladáronnos a En Marea que esta mesma circunstancia se produce actualmente.



O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, na sesión plenaria do 5 de maio de 2015, a reclamación ao Estado das competencias de Sanidade penitenciaria, co seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1. Solicitar do Goberno do Estado o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta da Lei de cohesión do Sistema Nacional de Saúde 2003.*
- 2. Esta transferencia debe estar acompañada dos medios económicos e materiais necesarios e atender a suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo.*
- 3. Incluír, de forma inmediata, a poboación reclusa no Plan estratéxico para a abordaxe da Hepatite C e que esas persoas sexan tratadas cos mesmos criterios e prontitude que o resto.*

A Sanidade Penitenciaria, no Estado español non está, actualmente, integrada nos sistemas de saúde das Comunidades Autónomas.

Polo exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.- Dirixiuse a Xunta ao Goberno central para reclamar o traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria?



2.- Vai a Xunta de Galicia esixir explicacións ao Ministerio do Interior pola existencia de tráfico de drogas no cárcere de Monterroso?

3.- Vai a Xunta reclamar unha investigación sobre as condicións sociosanitarias das persoas internas do cárcere de Monterroso?

4.-Vai a Xunta reclamar á Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, dependente do Ministerio do Interior, que abra unha investigación polas mortes por sobredose de drogas no cárcere de Monterroso?

5.- Ten previsto a Xunta esixir a mellora das instalacións do cárcere de Monterroso? En que data vai tramitar esa solicitude? E canto orzamento cre que se debe dedicar á mesma?

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/07/2017 11:39:52

Luis Villares Naveira na data 12/07/2017 11:40:06

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) arrincou no ano 2000, impulsado pola Comisión de Toponimia, dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que era a competente na materia, aínda que tamén estaban implicados outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, que xestionaba o SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), que constitúe o soporte técnico para a execución do PTG.

Os obxectivos do proxecto eran:

- Recoller toda a toponimia galega, tanto a referida a entidades de poboación como a outras realidades xeográficas (nomes de terras, fontes, regueiros, cruceiros, cons, areas...)
- Fixar unha forma escrita
- Situala cartograficamente

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina patrimonio inmaterial dos pobos. O carácter permanente dos topónimos fainos monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

En Galicia, a Toponimia supón un importante e riquísimo patrimonio cultural, pois temos un terzo dos nomes de lugar de toda España; pero esta riqueza encóntrase hoxe gravemente ameazada, debido á transformación demográfica e á progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais.

Grupo Parlamentario

No dito proxecto viñan colaborando os concellos, que, a través de convenios, facilitaban persoal e apoio material no seu respectivo ámbito territorial, asociacións veciñais e culturais, comunidades de montes e outras entidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Séguese desenvolvendo a día de hoxe o proxecto Toponimia de Galicia?

2ª) En cantos concellos se ten desenvolvido e rematado o proxecto de toponimia?

3ª) Cal é o programa de desenvolvemento do proxecto Toponimia de Galicia nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/07/2017 19:02:11

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/07/2017 19:02:19

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/07/2017 19:02:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2017 19:02:41

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 16 de decembro do ano 2013, a comisión de Peticións do Parlamento Europeo aprobaba un informe sobre o estado das rías galegas. Unha delegación de eurodiputados viñera a Galicia a comezos de ano e unha das rías visitadas fora a de O Burgo, na que os europarlamentarios quedaron impactados polos lodos que, medidos alí mesmo, chegaban a máis de 2 metros de profundidade, tanto que case “tragan” a un mergullador que baixou as escaleiras dun dos peiraos.

Dous anos despois daquela visita da Delegación Europea, o 11 de decembro de 2015, sometíase a exposición pública o Proxecto “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo” elaborado polo Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente. Varias entidades (agrupadas na Mesa da ría do Burgo) presentaban entón alegacións reclamando que o proxecto de dragado fose acompañado dunha dotación orzamentaria e un calendario de actuacións precisos e suficientes para a súa execución. O proceso para definir a dragaxe tería que ter rematado o 21 de xullo de 2016 coa publicación do proxecto definitivo, pero o Ministerio de Agro e Pesca, Medio Rural e Medio Ambiente non ten aínda o visto bo para a Declaración de Impacto Ambiental e pediulle máis información a Augas de Galicia e á Subdirección Xeral de Resíduos.

A ría necesita unha limpeza urxente e extensiva. Nos anos oitenta daba traballo a 2000 mariscadoras mentres que hoxe a súa capacidade produtiva apenas chega ao 20 % e emprega a bastantes menos de 100 en actividades extractivas, o que é lóxico porque moitas destas persoas tiveron que deixar de traballar porque os ingresos nin sequera lles chegan para pagar as cotas da Seguridade Social, problema, por certo, común entre o sector marisqueiro. A dragaxe é imprescindible porque os lodos afogan o marisco, a anguía extinguiuse e o berberecho e a ameixa están a desaparecer.

 Grupo Parlamentario

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



1. Cales son os motivos que xustifican a vulneración da normativa vixente?
2. Considera adecuado o Goberno galego a obrigatoriedade que se establece no centro de cursar relixión para algún itinerario determinado?
3. En cantos centros de ensino galegos se está obrigando aos alumnos a cursar a materia de relixión ao vinculala con outras materias?

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Boveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/07/2017 12:57:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/07/2017 12:57:56

Paula Quinteiro Araújo na data 07/07/2017 12:58:03

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A peregrinación Xacobeá trouxo na Idade Media a peregrinos de toda Europa, traendo dos países escandinavos e, sobre todo, ingleses, escoceses, irlandeses ou flamencos. Todos eles contribuíron a fixar o que hoxe coñecemos coma “O Camiño Inglés”, chegando a Galicia por Mar, arribando nos portos de Ferrol ou A Coruña, e tamén polos de Viveiro ou Ribadeo, no litoral lucense.

O Camiño Inglés conta con dúas alternativas, o itinerario dende A Coruña, con 74,7 Km, e dende Ferrol, con 118,7 km; estes dous itinerarios xúntanse á metade de camiño na localidade de Bruma, no concello de Mesía, dende onde continúan xuntos nos últimos 40 km ata Santiago de Compostela. Así, as etapas e os tramos propostos pola Xunta de Galicia son:

1. Dende Ferrol

2. Dende A Coruña



Grupo Parlamentario

Etapas	Distancia
Ferrol-Neda	14,35 km
Neda-Miño	24,44 km
Miño-Bruma	38,73 km
Bruma-Sigüeiro	20,13 km
Sigüeiro-Santiago	16,74 km

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na actualidade existe unha rede pública de albergues do Camiño de Santiago en Galicia, que toma como modelo a propia rede de hospitais medievais, hoxe son 69 centros con máis de 3.000 prazas; dos que só hai 6 neste camiño (Carral, Neda, Pontedeume, Miño, Betanzos, Bruma) cun número de prazas insuficientes.

Este camiño Inglés ten experimentado un importante incremento de peregrinos nos últimos anos e a propia experiencia nos confirma que canto mellor acondicionado estea o camiño, máis visitantes ten. Non obstante, a realidade é que na actualidade este camiño conta cunha serie de deficiencias que non favorecen a súa utilización nin o seu descubrimento:

- a) A sinalética é moi deficiente en todo o traxecto.
- b) No novo trazado urbano, aprobado pola Xunta de Galicia en 2014, conviven sinais de distintas cores que confunden o peregrino.
- c) Hai zonas cun mantemento deficitario.
- d) Os albergues son insuficientes, tendo en conta que dende Bruma ata Santiago de Compostela non existe ningún, tendo un percorrido que suma dúas etapas, é dicir, 36,87 Km.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia proceder a reparar e substituír aqueles indicadores que están en mal estado?

2ª) Vai a Xunta de Galicia colocar indicadores naqueles lugares nos que estes son insuficientes?

 Grupo Parlamentario

3ª) Vai a Xunta de Galicia adecuar as mouteiras necesarias para ter unha boa sinalización do camiño?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Vai a Xunta de Galicia acondicionar aqueles tramos que están en mal estado?

5ª) Vai a Xunta de Galicia facer os albergues en Sigüeiro e Ferrol?

6ª) En caso afirmativo das cuestións anteriores, cando se van acometer as anteditas melloras no camiño inglés?

Pazo do Parlamento, 5 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 18:34:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/07/2017 18:34:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/07/2017 18:34:47

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, deixa claro que no caso de xubilación, a situación é de inelixibilidade, xa que aquelas persoas que, sendo membros da confraría, pasen á situación de xubilación manterán a condición de membro honorario/a da confraría sen ter dereito a ser elector/a ou elixible.

No seu artigo 38, ademais, da Comisión xestora, no seu punto 2, indica, que “en ningún caso poderán formar parte desta comisión os membros dos órganos de goberno disoltos.”

Na normativa que rexe os grupos de acción pesqueira, indica que a asociación que aspire a obter o recoñecemento de GAC, deberá estar constituída por entidades representativas dos sectores pesqueiro, económico, social e público. E concretamente, no caso do sector pesqueiro integrarano as asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia. Non permitindo en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Que medidas leva a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento da normativa existente, en relación coa composición dos GAC, de xeito que se garanta que os distintos sectores estean representados?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da composición que representa o GAC 3, Costa da Morte?



 Grupo Parlamentario

3ª) Cre o Goberno galego que a composición que representa o GAC 3, Costa da Morte, é representativa do sector pesqueiro?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/07/2017 19:22:10

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2017 19:22:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Quinteiro Araújo e Ánxeles Cuña Bóveda, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**, sobre as solucións ás agricultoras e agricultores afectados polo pedrazo do día 6 de xullo.

Na tarde do día 6 de xullo o pedrazo arrasou con gran parte da produción agraria de numerosas familias dos concellos de Xunqueira de Ambía e Vilar de Barrio na provincia de Ourense. O 7 de xullo un pleno extraordinario no Concello de Xunqueira aprobou, por unanimidade, solicitar a declaración de zona de emerxencia para o municipio.

A agricultura e a gandería constitúen o principal motor económico destes concellos eminentemente rurais, con grandes extensións de cultivos como trigo, cebada, pataca ou chícharos.

Dende En Marea, e despois de visitar as zonas afectadas, esixímoslle á Consellaría de Medio Rural que garanta ás nosas produtoras e produtores unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para seguir a traballar as nosas terras dunha forma digna e con garantía de continuidade.

Asemade compre facer fincapé en que, actualmente, as pólizas de seguros agrarios non se adaptan á realidade galega e, proba diso, é a baixa aceptación que teñen entre o rural galego.



Moitos agricultores e agricultoras non contratan estes seguros porque é moi caro, e as que o fan saben que as indemnizacións non cobren os gasto de produción.

A raíz desta problemática dende En Marea xa rexistramos unha Proposición non de lei no Parlamento de Galicia con data do 21 de xuño onde, entre outros puntos, instamos a Xunta de Galicia a que se fomenta a contratación para a xente nova, con incorporación na actividade agraria nos 2 anos anteriores, cun incentivo de subvención na prima base, a que se fomenta a contratación en zonas que tiveron moita incidencia de sinistros na campaña anterior, ou eliminar o sistema de bonificacións e recargas nos sinistros por adversidades climáticas, dado que o asegurado ou asegurada non é responsable delas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta **oral en Comisión:**

1. Pensa a Consellería de Medio Rural facer unha avaliación e cuantificación precisa dos danos provocados pola sarabia nos cultivos agrarios e gandeiros e informar de maneira aberta e transparente ao respecto?
2. Vai a Consellería de Medio Rural crear unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar así as perdas?

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo



Ánxeles Cuña Bóveda

Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 10:51:19

Luis Villares Naveira na data 11/07/2017 10:51:29

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2017 10:51:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/07/2017 10:51:45

Á Mesa do Parlamento

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a.

A Consellería de Medio Rural retirou o helicóptero contra incendios que operaba na base de Vilanova, no Barco de Valdeorras. Esta decisión deixa ao descuberto e en perigo a un Distrito coma o XIII, cunha das orografía máis complexas de todo o país.

Neste Distrito atópanse lugares cunha importancia ecolóxica e forestal moi elevada. Atópanse, por exemplo, o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, o Teixedal de Casaio, ou enclaves como o Macizo Central Ourensán.

Trátase dunha comarca que ten case todo o seu territorio incluído entre as zonas de alto risco de incendio forestal (ZAR), segundo a clasificación da Consellería do Medio Rural.

Non entendemos como, despois de investir milleiros de euros nela, unha base contraincendios nunha zona destas características permaneza pechada a día de hoxe e cuxa utilidade no futuro parece que vai ser unicamente a de servir de repostaxe para helicópteros doutras bases.

Por todo o anterior exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

1. Que causas xustifican a retirada do helicóptero da base de Vilanova, no Barco



de Valdeorras?

2. De tratarse dunha decisión temporal, cando se prevé que volva estar operativo?

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2017 12:37:30

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2017 12:38:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Con data 5 de abril de 2017 a ANPA do CEIP Eloisa Rivadulla de Chantada presentou ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria de Lugo unha petición para que, baseándose nas 29 solicitudes de escolarización no centro para o 4º curso de educación infantil, se habilitase unha nova unidade nese nivel para o curso 2017/2018, coa finalidade de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, funcionando deste xeito dúas unidades.

Esa solicitude fundaméntase no feito de que o centro no que se deberían escolarizar os alumnos que non terían praza de funcionar unha única unidade, o CEIP Xoán de Requeixo, está situado no outro extremo da vila de Chantada e a unha distancia andando de 1,9 km.

Ante a situación exposta os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cales foron os motivos polos que non se permitiu unha unidade habilitada que permitise ao alumnado do entorno do centro escolarizarse, facilitando deste xeito a conciliación da vida laboral e familiar?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luís Manuel Álvarez Matínez na data 11/07/2017 19:26:59



 Grupo Parlamentario

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/07/2017 19:27:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/07/2017 19:27:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) arrincou no ano 2000, impulsado pola Comisión de Toponimia, dentro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que era a competente na materia, aínda que tamén estaban implicados outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, organismo dependente da Consellería do Medio Rural, que xestionaba o SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia), que constitúe o soporte técnico para a execución do PTG.

Os obxectivos do proxecto eran:

- Recoller toda a toponimia galega, tanto a referida a entidades de poboación como a outras realidades xeográficas (nomes de terras, fontes, regueiros, cruceiros, cons, areas...)
- Fixar unha forma escrita
- Situala cartograficamente

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a Unesco denomina patrimonio inmaterial dos pobos. O carácter permanente dos topónimos fainos monumentos históricos, que se manteñen en pé a través dos séculos e que funcionan como referentes compartidos da comunidade, como sinais da identidade colectiva.

En Galicia, a Toponimia supón un importante e riquísimo patrimonio cultural, pois temos un terzo dos nomes de lugar de toda España; pero esta riqueza encóntrase hoxe gravemente ameazada, debido á transformación demográfica e á progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais.

Grupo Parlamentario

No dito proxecto viñan colaborando os concellos, que, a través de convenios, facilitaban persoal e apoio material no seu respectivo ámbito territorial, asociacións veciñais e culturais, comunidades de montes e outras entidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Séguese desenvolvendo a día de hoxe o proxecto Toponimia de Galicia?

2ª) En cantos concellos se ten desenvolvido e rematado o proxecto de toponimia?

3ª) Cal é o programa de desenvolvemento do proxecto Toponimia de Galicia nesta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/07/2017 18:52:50

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/07/2017 18:52:54

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/07/2017 18:53:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2017 18:53:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A xestión da lonxa de Ribeira nas última décadas recaeu no concello desta vila converténdose na súa entidade xestora.

A contratación de produtos pesqueiros no porto de Ribeira estívoase a realizar ao abeiro da lexislación pesqueira de aplicación, tal como o Decreto 419/1993 do 17 de decembro que refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006 do 8 de xuño, a Orde de 8 de febreiro de 2008 que derroga a Orde de 5 de novembro de 2004 pola que se refunde o control da descarga e transporte de produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda.

Tal e como establece a normativa de aplicación, as entidades xestoras de lonxas deberán confeccionar un regulamento de réxime interior que se aprobará pola Consellería do Mar.

Este regulamento foi publicado no BOP n.º 252 do 31 de outubro de 2008, no que se desenvolve a operativa e as funcións levadas a cabo pola entidade xestora e que ten por obxectivos:

1. Promover a práctica daqueles servizos que permitan asegurar dentro das liñas de máxima eficacia, seguridade e comodidade para todos os interesados as operacións de contratación (compravenda) de produtos pesqueiros.
2. Dotar a contratación dos produtos pesqueiros dos adecuados sistemas prácticos que conduzan ao adecuado coñecemento e situación dos mercados, en especial das existencias, calidade e presos.

Grupo Parlamentario

3. Dotar o mercado dos diversos produtos da máxima transparencia e calidade en prezos e cotizacións.
4. Contribuír ao melloramento físico e institucional das operacións comerciais que recaian sobre os produtos pesqueiros da zona.
5. Fomentar as medidas que permitan a mellor contratación e tipificación dos produtos cando se aproben as medidas de intervención na área de influencia comercial da lonxa, facilitando as informacións necesarias e procurando a defensa dos intereses dos produtos pesqueiros.
6. Ofrecer e recadar mediante un sistema de colaboración mutua os máximos entendementos na orde comercial e os aspectos derivados con toda clase de organismos.
7. E ademais calquera outra actividade que, aínda non previstas nos apartados anteriores, resulten apropiadas para a consecución dos fins e obxectivos asinados á lonxa e as súas relación con toda crase de organismos.

O aspecto económico mantido ata a data, concrétese en:

1. Comisión cobrada polas casas vendedoras: as vendedurías viñan descontando pola súa función de subhasta, facturación e cobro a compradores un 3 % do volume bruto da venda a os armadores. Repercutían, así mesmo, a tarifa X-4, é dicir un 1,75 % sobre o importe bruto ao comprador, ingresando tal cifra a Portos de Galicia.
2. Taxa da lonxa: a administración de lonxa repercutía, en concepto de taxa, aquel importe necesario para cubrir os gastos nos que incorría e que nos últimos anos, estaba situado no 0,96 % sobre o volume de facturación. Este importe é retido pola casa vendedora ao armador e ingresado ao Concello.

Grupo Parlamentario

Coa aparición da nova lonxa e os novos xestores que sobre a base dunha autorización temporal por tres anos ou ata que saia a concurso a súa concesión definitiva, todo este réxime de funcionamento cambia radicalmente. Rómpeuse totalmente coa operativa antes descrita pretendendo a nova xestora cometer funcións de subhasta e facturación todo iso nun entorno de confusión e escurantismo, posto que a día de hoxe non se dispón nin de regulamento de explotación nin de réxime de tarifas, documentos ambos que deben ser presentados e aprobados por Portos de Galicia antes de inicio da actividade.

Así pois, vendedores, armadores e compradores ante o manifestado polos novos xestores de profundo cambio na xestión a negativa constante de acceder a algún dos cambios propostos na nova operativa que acerquen posturas.

Por parte dos armadores demándase que as vendedurías que ata agora viñan realizando a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda.

Por parte dos vendedores, poder realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, deste xeito optimizaríase a cotización obtida na subhasta.

E por parte dos compradores, existen a aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval claro na súa redacción e contido e que non se lle imponha un réxime de domiciliación bancaria non asumible.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación actual da lonxa de Ribeira, na que vendedores, armadores e compradores veñen de manifestar as súas discrepancias, respecto do novo modelo de xestión derivado da aparición da nova lonxa e dos novos xestores?

Grupo Parlamentario

2ª) Que consecuencias terá para vendedores, armadores e compradores o novo modelo de xestión derivado da aparición da nova lonxe e dos novos xestores?

3ª) Mantivo o Goberno galego algunha comunicación con representantes dos distintos axentes afectados e representativos do sector pesqueiro en Ribeira?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Como valora o Goberno galego, que un dos principais problemas actuais para vendedores, armadores e compradores sexa o novo modelo de funcionamento da lonxa de Ribeira?

5ª) Que medidas contempla o Goberno galego para que as vendedurías que ata agora viñan realizando a subhasta de peixe se manteñan coas mesmas funcións, non véndose afectada a súa cotización ao intervir axentes que poidan ser parte interesada na venda?

6ª) Que medidas contempla o Goberno galego para que os vendedores, poidan realizar todas as funcións que ata a data viñan desenvolvendo responsabilizándose de toda a operativa, xa que deste xeito optimizaríase a cotización obtida na subhasta?

7ª) Que medidas contempla o Goberno galego para a aplicación dun réxime tarifario que non sexa abusivo, que se lles esixa unha garantía/aval claro na súa redacción e contido, e que non se lle imponha un réxime de domiciliación bancaria non asumible?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/07/2017 10:33:19

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2017 10:33:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A principios de xullo de 2017 amplas zonas da comarca da Limia, nomeadamente nos concellos de Xunqueira de Ambía e de Vilar de Barrio sufriron de novo o impacto das inclemencias meteorolóxicas, cando as secuelas das desastrosas xeadas de abril aínda están frescas na memoria dos veciños e as súas consecuencias incertamente substanciadas.

Os nosos labregos veñen sufrindo a cotío un amplo abano de catástrofes naturais que non acaban de permitirlles unha recuperación adecuada e mesmo sobre a derradeira inclemencia da xeadas de abril aínda non hai feita unha avaliación exhaustiva sobre os seus efectos económicos e as solucións para paliar tan dramático impacto, non só necesitan clarificación, senón que aínda son motivo de debate e rifa entre os distintos sectores que converxen na posible solución sobre as perdas, nomeadamente no sector vitivinícola de catro denominacións de orixe.

No caso da sarabia do mes de xullo na comarca da Limia o cultivo da castigada pataca é o que levou a peor parte, o cultivo do cereal e outros de menor implantación tamén resultaron afectados.

As primeiras estimacións falan de preto de 1000 ha, afectadas por esta inclemencia meteorolóxica que supón unha perda estimada de 12 millóns de quilos, pero certamente só se trata de primeiras estimacións que precisan dunha comprobación oficial ao igual que a avaliación das perdas económicas que algunhas fontes sitúan por enriba de un millón de euros.

Ante a situación crítica creada polas distintas, diversas e continuas inclemencias meteorolóxicas que están a impactar no sector primario ourensán, que é o soporte económico fundamental para amplas capas da poboación da comarca da Limia, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario

1ª) Cal é a avaliación da superficie e da produción afectada pola sarabia de xullo na comarca da Limia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Que medidas está a tomar o Goberno galego para paliar os efectos da sarabia?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/07/2017 11:47:07

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/07/2017 11:47:16

Raúl Fernández Fernández na data 13/07/2017 11:47:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Hai máis de 17 anos que comezou a Concentración Parcelaria de Cures-Boiro, cunha superficie afectada de 643 hectáreas entre terreo agrario e forestal. A Xunta de Galicia vén de acordar a TOMA DE POSESIÓN das novas fincas de substitución (publicación no DOG do pasado venres día 9 de xuño de 2017), previa notificación informal á veciñanza con tres días de antelación á referida publicación, nunha reunión ó efecto convocada e celebrada o día 6 de xuño no lugar de Ameán (Cures).

O proceso de concentración parcelaria contou cos seguintes prazos:

- I.** 15/07/1999 (DOG 28/07/1999) Aprobación do decreto.
- II.** 10/11/2.005 (DOG 09/12/2005) Aprobación das BB.DD (bases definitivas).
- III.** Aproximadamente no ano 2009/10, realizáronse os camiños principais da concentración parcelaria.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

IV. A principios do ano 2010, os "propietario" realizaron unha "enquisa" de petición das novas fincas do proxecto (*na cal se deseña unhas novas fincas, chamadas de "substitución"*).

V. 2011: Presentación do "PROXECTO", coas novas leiras ou fincas de substitución (substitución, atribución).

VI. FIRMEZA DAS BB.DD (bases definitivas). 26/09/2011

VII. Fase ACORDO: 17/02/2014 (DOG 12/03/2.014)

En función das "alegacións" presentadas anteriormente, nesta fase "ACORDO", preséntase as NOVAS FINCAS DE ATRIBUCIÓN (as cales poden ser algo diferentes á Fase Proxecto"), xa tamén co "trazado" dos novos CAMIÑOS SECUNDARIOS (toda nova finca da parcelaria debe de ter acceso mediante un camiño público).

Fronte ao acordo referido concedeuse prazo para interpoñer Recurso de Apelación, finalizando o mesmo no mes de maio de 2014.

VIII. 2017: comezo de construción dos "camiños secundarios", así como o "marqueado" dos lindes das novas fincas de atribución, segundo a FASE ACORDO (os veciños aínda non saben nada das súas alegacións realizadas mediante o "recurso de alzada").

Desde o BNG, se ben mostramos a nosa satisfacción coa próxima finalización dos proceso de concentración parcelaria após tantos anos desde o seu inicio, vimos, non obstante, a criticar que a entrega da posesión das fincas de substitución se realice sen garantir os dereitos dos seus titulares, ao non contar parte das mesmas con acceso, e se



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

atopar pendentes de execución obras imprescindibles para un uso axeitado destas, tales como as que se indican a continuación:

- Faltan por executar pistas secundarias, nalgúns casos por falta de consentimento de patrimonio.
- Faltan marcos delimitadores das parcelas.
- Falta a colocación de tubos dun metro de diámetro que serven para solucionar o acceso a aquelas parcelas que contan con regatos nas súas inmediacións.
- Falta a execución de entradas axeitadas aos usos das parcelas de reemprazo.
- Parte das parcelas contan no seu interior con terra amoreada pola execución no ano 2009 dos denominados “camiños principias”, instando a Xunta de Galiza aos seus propietarios a realizar á súa costa a actuacións precisas para a retirada e adecuación das fincas aos seus fins, sendo non obstante ditas actuacións de obrigada execución por parte da administración galega.

Conforme ó sinalado, e sendo conscientes de que nos atopamos unicamente ante a fase da entrega de posesión das fincas e que o proceso de concentración parcelaria non remata ata a entrega definitiva dos títulos de propiedade aos titulares das parcelas de substitución, desde o BNG entendemos, non obstante, que a entrega da posesión das mesmas debeuse realizar de maneira que se garantise o uso destas polos seus titulares, conforme ao sinalado no “ *ANUNCIO do 24 de maio de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se publica a toma de posesión dos predios de substitución da zona*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

de concentración parcelaria de Cures-Boiro (Boiro-A Coruña). ” publicado no DOG de data 9 de xuño de 2017 por parte da Consellería de Medio Rural e no seu que indica que:

“Os prazos para a toma de posesión son os seguintes:

b) Para os labradíos sen colleita pendente, prados, pastos e montes sen arboredo: o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.”

Así mesmo, a propia Consellería da Xunta de Galiza sinala na súa páxina web, mediante publicación de data 9 de xuño do 2017, que:

*“Con este anuncio dáse un paso máis no proceso concentrador e ponse en coñecemento dos veciños que **poden comezar a usar desde hoxe as novas leiras resultantes do proceso de reorganización**. Deste xeito, a Xunta de Galicia contribúe a mellorar os accesos ás novas parcelas e aumentar o valor da base territorial das explotacións das zona.”*

As eivas expostas ó longo deste escrito impiden, non obstante, realizar un uso das parcelas axeitado á súa finalidade.

É por isto que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Que ten pensado facer a Xunta de Galicia para subsanar as anomalías observadas na fin do proceso de Concentración Parcelaria de Cures para permitir ós titulares das parcelas de substitución facer uso das mesmas conforme ó acordo adoptado



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza publicado no DOG o pasado 9 de xuño de 2017?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/07/2017 13:16:55

Noa Presas Bergantiños na data 13/07/2017 13:17:02

María Montserrat Prado Cores na data 13/07/2017 13:17:06

Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2017 13:17:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 13:17
Nº Rexistro: 12380
Data envío: 13/07/2017 13:17:35.992

Xosé Luis Bará Torres na data 13/07/2017 13:17:11

Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2017 13:17:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Nos últimos días producíronse falecementos de persoas no seu posto de traballo, un traballador na Ponte de Rande, e un electricista. Os dous desenvolvían as súas funcións laborais, cando sufriron un accidente co resultado de morte. Onte, día 11 de xullo de 2017, houbo dous feridos nunha obra e nun concesionario en Vigo. No que vai de ano rexistráronse feridos: en Manzaneda, Vigo e Sogama con resultado de morte dunha traballadora subcontratada en Cerceda; en Vigo e en Ribadavia despois de sufrir sendas caídas pola colocación dun canalón e por ceder unha uralita; caída dun operario desde un andamio; morte dun albanel por aplastamento cunha pedra; un operario galego faleceu nas obras do metro de Granada; un operario nun accidente nunha granxa en Maceda, con resultado de morte; un traballador en Alcoa, tamén falecido; un mecánico ferido en Mos despois de caerlle enriba o coche que reparaba; 3 feridos nunha deflagración en Ferroatlántica, en Cee e nos barcos de pesca, que é onde maior número de sinistralidade laboral se produce.

Galicia é a primeira comunidade na se dá a maior taxa de sinistralidade laboral mortal, duplicando a media española. No ano 2016 producíronse preto de 25.000 accidentes laborais con baixa e deles 57 mortais. No que vai de ano faleceron 8 persoas ate o mes de abril.

A normativa aplicable neste sector é a seguinte:



Lei 31/1995, do 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Lei 54/2003, de 12 do decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

Real Decreto 39/1997, de 17 do xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

O artigo 42 da LPRL establece que o incumprimento polos empresarios das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais darán lugar a responsabilidades administrativas, así coma a responsabilidades penais e civís polos danos e prexuízos que podan derivarse do seu incumprimento.

A xunta de Galicia ten que velar a fin de que se cumpra a normativa laboral e a fin de evitar, ou cando menos rebaixar, o número de falecementos no posto de traballo, ata que o seu número sexa 0.

Entre mentres, son esenciais as políticas de prevención de ricos, de fomento das actividades de formación, encamiñadas ao coñecemento e divulgación entre os propios traballadores, e o cumprimento polas empresas, todos os sectores e tamén polas administracións.

Por todo o exposto, o grupo parlamentar En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Ten coñecemento a Xunta de Galicia de que somos a primeira comunidade en mortalidade laboral? Que medidas vai tomar para frear e reducir a cero os sinistros laborais?

2.- Existe algún tipo de estudo relacionado coa sinistralidade no ámbito laboral e a tipoloxía de contrato asinado? Se a resposta é afirmativa, de cando é o estudo? Quen o realizou? Que medidas se tomaron para evitar as mortes no eido do traballo? Se a resposta é negativa, vaise facer algún estudo? Para cando está



previsto? Estudarase a relación existente entre subcontratación e mortalidade laboral? E entre a mortalidade e a contratación temporal?

3.- Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia en orde á prevención de riscos laborais, visto que a existente actualmente non funciona?

4.- Cal pensa que é a Xunta a relación existente entre mortalidade laboral, contratación temporal, subcontratación e precariedade laboral?

5.- Existen estudos sobre o incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais polas empresas e a temporalidade? Que medidas se toman ao respecto?

6.- Que medios aporta a Xunta para o control e vixilancia da Prevención de Riscos Laborais nas empresas?

7.- Vai a Xunta, visto os acontecementos nos primeiros meses do ano, incrementar os recursos destinados ao control e vixilancia da normativa de prevención de riscos laborais?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Manuel Lago Peñas

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/07/2017 18:14:09

José Manuel Lago Peñas na data 13/07/2017 18:14:17

Paula Vázquez Verao na data 13/07/2017 18:14:27

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727